



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO SAN CLEMENTE
Rúa San Clemente s/n. 15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 0034 881 867 501 - Fax: 0034 881 867 538
www.ies sanclemente.net - ies.sanclemente@edu.xunta.es



PROGRAMACIÓN HISTORIA DA ARTE

2º DE BACHARELATO

IES San Clemente, Santiago de Compostela

Curso 2020-2021

Profesora: Guillermina Domínguez Touriño

ÍNDICE

1.Introdución /Xustificación / Contextualización.....	2
2.Obxectivos	8
3.Contidos.....	
.....	12
4.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave (CC)	82
5. Temporalización	86
6. Estándares de aprendizaxe. Temporalización, mínimos, procedementos e instrumentos e relación con outros elementos da programación;	Error! Marcador no definido.
7. Criterios de avaliación xerais	88
- Criterios de Cualificación	91
- Criterios de promoción	92
8.Liñas metodolóxicas xerais	92
9.Medidas de atención á diversidade.....	93
10. Materiais e recursos didácticos	94
11. Temas transversais	95
12.Actividades complementarias e extraescolares.....	97
13.Indicadores,logro,mecanismosderevisión/avaliación daprogramación.....	95

1. Introducción:

Xustificación da Programación

A Programación Didáctica Historia da Arte para o Bacharelato está fundamentada no establecido no Real Decreto 1105/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato, e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O noso Proxecto educativo concibe o Bacharelato como unha etapa fundamental na vida do alumnado cunha dobre finalidade. Por unha parte, pretende proporcionarlle ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade. Por outra parte, e de forma complementaria, aspira a capacitar o alumnado para acceder á educación superior, aos diferentes estudos superiores en función das propias aspiracións e competencias do alumnado.

Para alcanzar estes fins propomos un modelo de ensinanza-aprendizaxe comprensiva que se enmarca dentro do paradigma da educación universal (global ou integral) que entronca



cos modelos e propostas educativas que entronca co modelo e proposta educativa desenvoltas polo Departamento en todas as materias.

A programación que a continuación presentamos, está pensada para a materia optativa Historia da Arte, ofertada no 2º curso do bacharelato segundo a estrutura desta etapa educativa establecida na LOMCE.

Aspiramos a que toda a cidadanía adquiera as diferentes competencias necesarias para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvemento das Competencias Clave. Este modelo segue as directrices dos distintos estudos promovidos por instancias nacionais e internacionais, entre os cales destaca o proxecto DeSeCo da OCDE, o informe Eurydice, o programa PISA os diferentes informes e proxectos educativos abordados desde o ámbito do proxecto da Unión Europea Estratexia Europa 2020 e, de forma particular, o PIAAC ou Programa para a Avaliación Internacional das Competencias dos Adultos e Adultas.

Para a concreción do novo currículo desta materia, deberemos ter en conta o novo Decreto 86/2015, do 25 de Xuño, polo que se establece a estrutura da ensinanza secundaria obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta nova normativa de aplicación neste ano 2018/2019 no curso 2º de Bacharelato, ven substituír ao Decreto 126/2008 do 19 de Xuño.

Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe dos alumnos e as alumnas, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as **Competencias Clave** que lles permitan integrarse na **sociedade do coñecemento** e afrontar os continuos cambios que impoñen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos, a nova economía global e as diversas redondas académicas e laborais que o alumnado deberá afrontar en etapas posteriores da súa vida.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción **do ser, do saber, saber facer e saber convivir**.

Neste sentido **DeSeCo (2003)** define competencia como *"a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada"*.

A competencia supón *"unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz"*.

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que as alumnas e os alumnos

- a) **poidan facer** posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia;
- b) **constrúan** un proxecto de vida satisfactorio;
- c) **alcancen** un desenvolvemento personal emocional e afectivo equilibrado; e
- d) **accedan** a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

Nunha sociedade en constante cambio as demandas que ten un individuo e individua varían dunha situación a outra e dun momento a outro. Por este motivo defendemos un modelo de competencia holístico, dinámico e funcional que xorde da combinación de **habilidades prácticas, coñecementos (incluíndo o coñecemento tácito), motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz**.



Ser competente, desde este enfoque, significa ser **capaz de activar e utilizar ante un problema o coñecemento que o alumno ou a alumna ten**. Desde esta perspectiva ser competente supón *"mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para responder as situacións formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora"* (Orde ECD/65/2015 do Ministerio de Educación e Ciencia, pola que se desenvolven as Competencias Clave).

Só a partir destas premisas pensamos que é posible a aplicación dun dos eixes fundamentais da Programación Didáctica Historia da Arte: a funcionalidade das aprendizaxes. **Por aprendizaxe funcional entendemos que as competencias poidan ser aplicadas e transferidas a situacións e contextos diferentes para lograr diversos obxectivos, resolver diferentes tipos de problemas e levar a cabo diferentes tipos de tarefas.**

A esta funcionalidade cabe darlle outra dimensión: **que os alumnos e alumnas aprendan a aprender**. Un aprendiz competente é aquel que coñece e regula os seus procesos de construción do coñecemento, tanto desde o punto de vista cognitivo como emocional, e pode usar estratexicamente os seus coñecementos, axustándoos ás circunstancias específicas do problema ao que se enfronta (*Bruer, Escuelas para pensar, 2003*).

A eficacia destes principios quedaría incompleta se non foramos capaces de presentar os contidos das diferentes materias de forma artellada para facilitar o proceso de aprendizaxe e o **desenvolvemento das Competencias Clave a través dos Estándares de aprendizaxe fixados para cada materia**.

Tendo en conta que cada unha das materias contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias se acadará como consecuencia do traballo en varias materias, **A Programación Didáctica Historia da Arte adopta unha perspectiva globalizadora á vez que pon a atención naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos**.

Así, **a aprendizaxe das competencias clave**, aínda que vai ligada ás materias ou ás áreas de coñecemento e aos estándares de aprendizaxe fixados nelas, **é global e adquirírase a partir da súa contextualización en situacións reais e próximas ao alumno e alumna** para que poida integrar diferentes aprendizaxes, tanto as formais, como as informais e non formais, e utilízalas de forma efectiva cando lle resulten necesarios en diferentes situacións e contextos.

Nesta liña quixemos incidir con especial énfase na relación dos contidos e materiais tratados ao longo da nosa Programación Didáctica Historia da Arte coas novas realidades tecnolóxicas tan próximas e atractivas para o alumnado e que no IES San Clemente son punteiras

A aplicación ou desenvolvemento dos coñecementos tratados na materia dentro ámbitos como a **Internet, o uso de soportes informáticos ou a análise da información transmitida por medios audiovisuais...** constitúense como un elemento gratificante e motivador á vez que nunha aprendizaxe imprescindible para a adaptación do alumnado a futuras incorporacións a distintos ámbitos académicos ou laborais.



Se ao que antecede lle engadimos a presenza duns contidos que por especial importancia na nosa sociedade deben impregnar moitas das actividades de aprendizaxe así como o interese por fomentar a capacidade do alumnado para regular o seu propio proceso de aprendizaxe e seguir aprendendo ao longo da vida, teremos os piares sobre os cales elaboramos a presente Programación Didáctica Historia da Arte.

Ademais, debemos ter en conta a especificidade da ensinanza para a cal programamos. Trátase dun sistema semipresencial a distancia, onde a maior parte da interacción co alumnado se fai a través da aula virtual. Así pois, temos que ter en conta uns cantos aspectos de interese nesta programación:

- A referencia en canto a contidos será a da Guía do alumnado que pode consultarse na aula virtual, aínda que para quen o precise ou desexe, se recomenda o Libro de texto de Vicens Vives, así como a súa web e blog interactivos.
- A proposta para a superación da materia pasará por uns estándares mínimos a superar, relacionados á súa vez coas competencias clave e os criterios de avaliación.
- Así mesmo é preciso aclarar que será necesario **superar todas e cada una das probas** que se fagan ao longo do curso para poder obter un resultado positivo ao remate do curso.
- Nunha materia como a que nos ocupa é imprescindible **aprender a mirar**, por iso recalcamos na introdución da Guía do alumnado a necesidade de visualizar as láminas que se aconsellan na mesma.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación están en relación co corrección das probas escritas oficiais, xa que ao ser unha modalidade a distancia, este é o único instrumento que se recolle polo centro de cara á configuración da nota do alumnado.
- Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe dos alumnos e as alumnas, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as Competencias Clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que impoñen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos, a nova economía global e as diversas redondas académicas e laborais que o alumnado deberá afrontar en etapas posteriores da súa vida.
- Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir. Neste sentido DeSeCo (2003) define competencia como **"a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada"**. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz».
- **A inclusión das competencias clave no currículo** ten como finalidade que as alumnas e os alumnos
 - a) poidan **facer** posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia;
 - b) **constrúan** un proxecto de vida satisfactorio;
 - c) **alcancen** un desenvolvemento personal emocional e afectivo equilibrado;



d) **accedan** a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

Así pois, e como dicimos, este modalidade de estudos supón certas peculiaridades que condicionan o desenvolvemento de tódolos elementos da programación, especialmente en materia de competencias clave e temas transversais. Non por isto consideramos que deban deixar de tratarse, é por iso, que nos apartados correspondentes desta programación, establecemos unhas cantas liñas metodolóxicas de cara ao tratamento deste elementos do currículo que poden supor unha maior dificultade á hora de aplicalos nun contexto de educación a distancia semipresencial.

Obxectivos e ámbitos de actuación da LOMCE

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) xorde como resposta a unha serie de retos educativos aos que se pretende dar resposta coa consecución dos seguintes obxectivos:

PRINCIPAIS RETOS EDUCATIVOS	OBXECTIVOS DA LOMCE
– Elevadas taxas de abandono escolar temperán. – Baixo nivel formativo en relación cos estándares internacionais (PISA, ...). – Reducido número de alumnos e alumnas que acada a excelencia. – Inadecuación do sistema educativo ante as novas demandas de formación.	– Encauzar os e as estudantes cara a traxectorias adecuadas ás súas potencialidades. – Mellorar os resultados aumentando o número de titulados e tituladas da ESO. – Elevar os niveis de educación e aumentar o número de alumnos e alumnas excelentes. – Mellorar a empregabilidade e estimular o espírito emprendedor do alumnado.

Para lograr estes obxectivos a LOMCE centra a súa atención na modificación dos seguintes aspectos do Sistema Educativo:

- **Racionalización da oferta educativa.** O currículo simplificarase coa priorización das materias troncais para adquirir as competencias educativas.
- **Flexibilización das traxectorias educativas.** Establecemento de diferentes itinerarios educativos a partir da ESO.
- **Autonomía dos centros educativos.** Permitirá tomar decisións para mellorar a oferta educativa e suporá a rendición de contas dos resultados obtidos.
- **Reforzo da capacidade de xestión da dirección dos centros.** Os directores asumirán o liderado pedagóxico e de xestión.
- **Implantación de avaliacións externas.** Estas levaranse a cabo ao finalizar cada etapa educativa: (6º Curso de Primaria, 4º curso de ESO e 2º curso de Bacharelato).

Ademais, a LOMCE define tres novos ámbitos de actuación que incidirán especialmente na transformación do noso sistema educativo:

- **A incorporación xeneralizada das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).** A través das TIC facilitarase a personalización da educación.



- O **fomento do plurilingüismo**. Fixado pola Unión Europea, lograse pola incorporación no currículo dunha segunda lingua estranxeira.
- A **modernización da Formación Profesional**. Adaptárase ás novas esixencias dos sectores produtivos e implicáranse as empresas na formación.

PRINCIPIOS DO SISTEMA EDUCATIVO

Para levar a cabo todos os ámbitos de actuación detallados no epígrafe anterior, cóncíbese a LOMCE como unha lei orgánica que só modifica parcialmente a previa Lei Orgánica de Educación (LOE) do ano 2006. Neste sentido, e polo que se refire aos **principios** que inspiran o Sistema Educativo Español, incorporáronse os seguintes:

- A **equidade e a igualdade de dereitos e oportunidades** que garantan o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado a través da educación.
- O recoñecemento dos **proxenitores/as e titores/as como primeiros responsables** da educación dos seus fillo e fillas
- A **educación para a prevención e resolución pacífica de conflitos**, así como o fomento da non violencia e a prevención do acoso escolar.
- O desenvolvemento de valores que fomenten a **igualdade efectiva entre homes e mulleres** e que axuden a previr a violencia de xénero.
- A **liberdade de ensino**, que lles recoñece ás familias a elección do tipo de educación e a selección do centro educativo.

Para garantir o desenvolvemento destes principios defínese o Sistema Educativo como o conxunto de Administracións educativas, profesionais da educación e outros axentes, públicos e privados, que desenvolven funcións de regulación, de financiamento ou de prestación de servizos para o exercicio do dereito á educación en España.

Ademais establécense os órganos de participación da comunidade educativa na programación e asesoramento do goberno.

ELEMENTOS DO CURRÍCULO NA LOMCE

A LOMCE modifica os elementos que compoñen o currículo como regulador dos procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das etapas educativas.

Estes elementos pasan a ser os seguintes:

- Os **obxectivos** de cada ensino e etapa educativa.
- As **competencias** ou capacidades para aplicar os contidos de cada ensino e etapa educativa.
- Os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias.
Os contidos ordénanse en **materias**, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas e as etapas educativas.
- Os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis**, que permiten definir os resultados das aprendizaxes en cada materia.
- Os **criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa.
- A **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.



Seguindo as recomendacións das institucións europeas a LOMCE incorpora a educación cívica e constitucional como contido transversal en todas as materias da educación básica. O obxectivo é transmitir e pór en práctica valores como a liberdade individual, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia ou a igualdade.

2. Obxectivos

A.- Obxectivos do Bacharelato

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender
c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender Comunicación lingüística.
d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender
e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Aprender a aprender.
f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.
g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.	Competencia dixital. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencias sociais e cívicas.



h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.	Competencias sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais.
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.
l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.
m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas
n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.	Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.
ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado	Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.



O Decreto curricular de referencia para a nosa programación, Decreto 86/2015, do 29 de Xuño, non fixa uns **obxectivos concretos e específicos para esta materia**. O que non quere dicir que estes non existan nin sexan necesarios e fundamentais na nosa programación.

A materia de Historia da Arte, en canto integrada na etapa postobrigatoria de Bacharelato, debe contribuír tamén á consecución dos **obxectivos xerais de etapa** fixados polo Decreto Curricular de referencia:

Obxectivos Hª da Arte	Competencias clave
d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender
e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Aprender a aprender.
g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.	Competencia dixital. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencias sociais e cívicas.
h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.	Competencias sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais.
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.
m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.	Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.
p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun	Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.



mundo globalizado.

Aprender a aprender.
Competencias sociais e cívicas.

Ademais dos obxectivos xerais a cuxa consecución deberá contribuír esta materia, detallamos a continuación unha serie de obxectivos específicos da materia relacionados cos contidos:

1. **Comprender e valorar** as diferenzas na concepción da arte no tempo e no espazo, mediante a observación e o estudo de obras diversas.
2. **Estudar as obras de Arte** mediante a aplicación dun método de análise e interpretación dos diferentes elementos dos que constan.
3. **Recoñecer e caracterizar**, situándoas no tempo, as manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilos e artistas da arte occidental, con especial atención a Galicia, valorando a súa influencia ou pervivencia en etapas posteriores.
4. **Contribuír** de forma activa á conservación do patrimonio cultural, valorándoo como fonte de riqueza e legado que debe de ser transmitido ás futuras xeracións, rexeitando aqueles comportamentos que o deterioren.
5. **Establecer valoracións propias e críticas** sobre diferentes obras de arte , empregando con rigor e precisión a terminoloxía específica precisa, axudando desta forma a desenvolver o gusto persoal e o goce estético.
6. **Valorar e comprender** os momentos específicos nos que xorden correntes artísticas que loitaron contra as discriminacións que producen opresión e inxustizas, comprometéndose na defensa dos dereitos humanos e na igualdade de xénero.
7. **Aportar o coñecemento da perspectiva de xénero na arte**, a participación da metade da humanidade, non só como suxeito paciente das manifestacións artísticas, senón coma **suxeitos activos das mesmas**.

3. Contidos da Materia: CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES: SEGUNDO CURSO

- **Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 1: Raíces da arte europea: o legado da arte clásica.**

Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 1: Raíces da arte europea: o legado da arte clásica.

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B1.1. Grecia, creadora da linguaxe clásica: principais manifestacións.	B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural.
B1.2. A función social da arte en Grecia.	HAB1.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.
B1.3. Comentario de obras de arte: Grecia.	HAB1.1.2. Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega.
B1.4. Visión do clasicismo en Roma. A arte na Hispania romana e na Gallaecia.	HAB1.1.3. Describe os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica.
B1.5. Función social da arte en Roma.	HAB1.1.4. Describe as características do teatro grego e a función das súas partes.
B1.6. Comentario de obras de arte: Roma.	HAB1.1.5. Explica a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir do "Kouros" de Anavysos, o "Doríforo" (Policleto) e o "Apoxiomenos" (Lisipo).
B1.7. Traballo de investigación sobre historia da arte.	B1.2. Explicar a función social da arte grega, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.
B1.8. Conservación do patrimonio: arte grecorromana	HAB1.2.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte grega, e a consideración social da arte e dos/das artistas.
	B1.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
	HAB1.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón, Tribuna das Cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké e teatro de Epidauro.
	HAB1.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: Kouros de Anavysos, Auriga de Delfos, Discóbolo (Mirón), Doríforo (Policleto), unha metopa do Partenón (Fidias), Hermes con Dioniso neno (Praxíteles), Apoxiomenos (Lisipo), Vitoria de Samotracia, Venus de Milo e friso do altar de Zeus en Pérgamo (detalle de Atenea e Gea).
	B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural.
	HAB1.4.1. Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou



historiográficas.

HAB1.4.2. Especifica as achegas da arquitectura romana en relación coa grega.

HAB1.4.3. Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos.

HAB1.4.4. Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos.

HAB1.4.5. Explica os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas.

HAB1.4.6. Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega.

HAB1.4.7. Describe as características xerais dos mosaicos e a pintura en Roma a partir dunha fonte histórica ou historiográfica.

B1.5. Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.

HAB1.5.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas.

B1.6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abranza diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

HAB1.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Maison Carrée de Nimes, Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, basílica de Maxencio e Constantino en Roma, ponte de Alcántara, acueduto de Segovia, arco de Tito en Roma e columna de Trajano en Roma.

HAB1.6.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas romanas: Augusto de Prima Porta, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén) e relevo da columna de Trajano.

B1.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.

HAB1.7.1. Realiza un traballo de investigación sobre Fidias.

HAB1.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre o debate acerca da autoría grega ou romana do grupo escultórico de "Laocoonte e os seus fillos".

B1.8. Respetar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que cómpre conservar.

HAB1.8.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte antiga que se conservan en Galicia.



Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 2: Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B2.1. Achega cristiá na arquitectura e na iconografía.	B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural.
B2.2. Arte bizantina.	HAB2.1.1. Explica as características esenciais da arte paleocristiá e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.
B2.3. Comentario de obras de arte Bizantina	HAB2.1.2. Describe a orixe, a características e a función da basílica paleocristiá.
B2.4. Arte prerrománica.	HAB2.1.3. Describe as características e función dos baptisterios, mausoleos e "martiria" paleocristiáns, e as súas partes.
B2.5. Configuración e desenvolvemento da arte románica. Igrexas e mosteiros. Iconografía románica.	HAB2.1.4. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía.
B2.6. Función social da arte románica.	B2.2. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural.
B2.7. Comentario de obras de arte románica.	HAB2.2.1. Explica as características esenciais da arte bizantina a partir de fontes históricas ou historiográficas.
B2.8. Achega do Gótico: expresión dunha cultura urbana. A catedral e a arquitectura civil. Modalidades escultóricas. Pintura italiana e flamenga, orixe da pintura moderna.	HAB2.2.2. Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla.
B2.9. Función social da arte gótica.	HAB2.2.3. Describe as características do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do Pantocrátor e a Virxe e a Déesis, así como a súa influencia na arte occidental.
B2.10. Comentario de obras de arte gótica.	B2.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte bizantina, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
B2.11. O peculiar desenvolvemento artístico da Península Ibérica. Arte hispanomusulmá. O Románico no Camiño de Santiago. O Gótico e a súa longa duración.	HAB2.3.1. Identifica, analiza e comenta o mosaico do Cortexo da emperatriz Teodora en San Vital de Rávena.
B2.12. Comentario de obras de arte medieval española.	B2.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.
B2.13. Traballo de investigación sobre historia da arte.	HAB2.4.1. Define o concepto de arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en España e en Galicia.
B2.14. Conservación do patrimonio: arte medieval.	HAB2.4.2. Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: San Pedro da Nave (Zamora), Santa María do Naranco (Oviedo), San Miguel da Escalada (León), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense).
	B2.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, en relación co seu contexto histórico e cultural.
	HAB2.5.1. Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas.
	HAB2.5.2. Describe as características e as función das



igrexas e dos mosteiros na arte románica.

HAB2.5.3. Explica as características da escultura e a pintura románicas, con especial referencia á iconografía.

B2.6. Explicar a función social da arte románica, especificando o papel de clientes e artistas, e as relacións entre eles.

HAB2.6.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte románica.

B2.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte románica, aplicando un método que abranza diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

HAB2.7.1. Identifica, analiza e comenta as esculturas románicas do Xuízo Final no tímpano de Santa Fe de Conques (Francia).

B2.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural.

HAB2.8.1. Describe as características xerais da arte gótica a partir de fontes históricas ou historiográficas.

HAB2.8.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica e especifica os cambios introducidos respecto á románica.

HAB2.8.3. Describe as características e a evolución da escultura gótica, e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica.

HAB2.8.4. Recoñece e explica as innovacións da pintura de Giotto e do Trecento italiano respecto á pintura románica e bizantina.

HAB2.8.5. Explica as innovacións da pintura flamenga do século XV e cita algunhas obras dos seus principais representantes.

B2.9. Explicar a función social da arte gótica, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas, e as relacións entre eles.

HAB2.9.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte gótica, e a súa variación respecto ao románico.

B2.10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte gótica, aplicando un método que abranza diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

HAB2.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental da catedral de Reims, interior da planta superior da Sainte Chapelle de París.

HAB2.10.2. Identifica, analiza e comenta o grupo da Anunciación e a Visitación da catedral de Reims.

HAB2.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas góticas: escena de "A fuxida a Exipto", de Giotto, na Capela Scrovegni de Padua, "Matrimonio Arnolfini", de Jan Van Eyck, "O descendemento da cruz", de Roger van der Weyden, e o "Xardín das Delicias, de Hieronymus Bosch.

B2.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica e gótica



española e hispanomusulmá, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

HAB2.11.1. Explica as características e evolución da arte románica e gótica en España.

HAB2.11.2. Explica as características xerais da arte islámica a partir de fontes históricas ou historiográficas.

HAB2.11.3. Describe os trazos esenciais da mesquita e o pazo islámico.

HAB2.11.4. Explica a evolución da arte hispanomusulmá.

HAB2.11.5. Explica as características da arte mudéjar e especifica, con exemplos de obras concretas, as diferenzas entre o mudéjar popular e o cortesán.

B2.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte medieval española, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

HAB2.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas románicas: San Vicente de Cardona (Barcelona), San Martín de Frómista e a catedral de Santiago de Compostela.

HAB2.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas románicas: "A dúbida de San Tomé", no ángulo do claustro de San Domingos de Silos (Burgos), "Última cea" do capitel historiado do claustro de San Xoán da Peña (Huesca) e fachada de Praterías e Pórtico da Gloria da catedral de Santiago.

HAB2.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas murais románicas: bóveda da Anunciación aos pastores no Panteón Real de San Isidoro de León, e ábsida de San Clemente de Tahull (Lleida).

HAB2.12.4. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental e interior da catedral de León, interior da catedral de Barcelona, e interior da igrexa de San Xoán dos Reis, de Toledo.

HAB2.12.5. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas góticas: tímpano da Portada do Sarmental da catedral de Burgos, e retablo de Gil de Siloé, na Cartuxa de Miraflores (Burgos).

HAB2.12.6. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras hispanomusulmás: Mesquita de Córdoba, Aljafería de Zaragoza, Giralda de Sevilla e Alhambra de Granada.

B2.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.

HAB2.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e o significado da visión apocalíptica de Cristo e o Xuízo Final na arte medieval.

B2.14. Respetar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.

HAB2.14.1. Explica a importancia da arte románica no Camiño de Santiago.



HAB2.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia.

Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 3: Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B3.1. Renacemento. Patróns e artistas. Orixe e desenvolvemento da nova linguaxe en arquitectura, escultura e pintura. Achegas de grandes artistas do Renacemento italiano. B3.2. Función social da arte no Renacemento B3.3. Comentario de obras de arte: arte do Renacemento. B3.4. A recepción da estética renacentista na Península Ibérica. B3.5. Comentario de obras de arte: arte española do Renacemento. B3.6. Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Principais tendencias. B3.7. Función social da arte no Barroco. B3.8. Comentario de obras de arte: arte do Barroco. B3.9. Barroco hispánico. Urbanismo e arquitectura. Imaxinaría barroca. Achega da pintura española: grandes figuras do Século de Ouro. B3.10. Comentario de obras de arte: arte española do Barroco. B3.11. Século XVIII. Mantemento do Barroco. Refinamento rococó. Neoclasicismo e Romanticismo. B3.12. Comentario de obras de arte: arte do século XVIII. B3.13. Traballo de investigación en historia da arte. B3.14. Conservación do patrimonio: arte moderna.	B3.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural. HAB3.1.1. Explica as características esenciais do Renacemento italiano e a súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas. HAB3.1.2. Especifica as características da arquitectura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo. HAB3.1.3. Especifica as características da escultura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo. HAB3.1.4. Especifica as características da pintura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo. HAB3.1.5. Compara a pintura italiana do Quattrocento coa dos pintores góticos flamengos contemporáneos. HAB3.1.6. Explica a peculiaridade da pintura veneciana do Cinquecento e cita os artistas máis representativos. B3.2. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles. HAB3.2.1. Describe a práctica do patrocinio no Renacemento italiano e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor. B3.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). HAB3.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de Santa María das Flores e interior da igrexa de San Lorenzo, ambas en Florencia e de Brunelleschi; pazo Médici-Riccardi en Florencia, de Michelozzo; fachada de Santa María Novella e do pazo Rucellai, ambos en Florencia e de Alberti; templo de San Pietro in Montorio en Roma, de Bramante; cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano, de Michelangelo; Il Gesù en Roma, de Giacomo della Porta e Vignola; Villa Capra (Villa Rotonda) en Vicenza, de Palladio. HAB3.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento italiano: primeiro panel da "Porta do Paraíso" (da creación do mundo á expulsión do Paraíso), de Ghiberti; "Gattamelata", de Donatello; "Piedade" do Vaticano, "David", "Moisés" e as tumbas



mediceas, de Michelangelo; "O rapto das sabinas", de Giambologna.

HAB3.3.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Renacemento italiano: "O tributo da moeda" e A "Trindade", de Masaccio; "Anunciación" do Convento de San Marcos en Florencia, de Fra Angelico; "Madonna do Duque de Urbino", de Piero della Francesca; "A Virxe das rochas", "A última cea" e "A Gioconda", de Leonardo da Vinci; "A Escola de Atenas" de Rafael; a bóveda e o "Xuízo Final" da Capela Sixtina, de Michelangelo; "A tempestade", de Giorgione; "Venus de Urbino" e "Carlos V en Mühlberg", de Tiziano; "O lavatorio", de Tintoretto; "As vodas de Caná", de Veronés.

B3.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.

HAB3.4.1. Especifica as características peculiares do Renacemento español en comparación co italiano.

HAB3.4.2. Describe a evolución da arquitectura renacentista española.

HAB3.4.3. Explica a peculiaridade da escultura renacentista española.

HAB3.4.4. Explica as características da pintura de El Greco a través dalgunhas das súas obras máis representativas.

B3.5. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Renacemento, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

HAB3.5.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento español: fachada da Universidade de Salamanca; pazo de Carlos V na Alhambra de Granada, de Pedro Machuca; mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, de Juan de Herrera.

HAB3.5.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do Renacemento español: "Sacrificio de Isaac" do retablo de San Bieito de Valladolid, de Alonso Berruguete; "Santo enterro", de Juan de Juni.

HAB3.5.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas de El Greco: "O expolio", "A Santa Liga" ou "Adoración do nome de Xesús", "O martirio de San Mauricio", "O enterro do Señor de Orgaz", "A adoración dos pastores", "O cabaleiro da man no peito".

B3.6. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.

HAB3.6.1. Explica as características esenciais do Barroco.

HAB3.6.2. Especifica as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista.

HAB3.6.3. Compara a arquitectura barroca coa renacentista.

HAB3.6.4. Explica as características xerais do urbanismo barroco.

HAB3.6.5. Compara a escultura barroca coa renacentista a



través da representación de "David" por Michelangelo e por Bernini.

HAB3.6.6. Describe as características xerais da pintura barroca e especifica as diferenzas entre a Europa católica e a protestante.

HAB3.6.7. Distingue e caracteriza as grandes tendencias da pintura barroca en Italia e os seus principais representantes.

HAB3.6.8. Especifica as peculiaridades da pintura barroca flamenga e holandesa.

B3.7. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.

HAB3.7.1. Describe o papel desempeñado no século XVIII polas academias en toda Europa e, en particular, polo Salón de París.

B3.8. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Barroco, aplicando un método que abranza diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

HAB3.8.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini; San Carlos das Catro Fontes en Roma, de Borromini; Pazo de Versalles, de Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre.

HAB3.8.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas de Bernini: "David", "Apolo" e "Dafne", "A éxtase de Santa Teresa", "Cátedra de San Pedro".

HAB3.8.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: "Vocación de San Mateo" e "Morte da Virxe", de Caravaggio; "Triunfo de Baco e Ariadna", na bóveda do pazo Farnese de Roma, de Annibale Carracci; "Adoración do nome de Xesús", bóveda de Il Gesù en Roma, de Gaulli (Il Baciccia); "Adoración dos Magos", "As tres Grazas" e "O xardín do Amor", de Rubens; "A lección de anatomía do doutor Tulpy", "A rolda nocturna", de Rembrandt.

B3.9. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.

HAB3.9.1. Explica as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española durante o século XVII.

HAB3.9.2. Explica as características da imaxinaría barroca española do século XVII e compara a escola castelá coa andaluza.

HAB3.9.3. Explica as características xerais da pintura española do século XVII.

HAB3.9.4. Describe as características e evolución da pintura de Velásquez a través dalgunhas das súas obras máis significativas.

B3.10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da



arte española do Barroco, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

HAB3.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco español do século XVII: Praza Maior de Madrid, de Xoán Gómez de Mora; Retablo de Santo Estevo de Salamanca, de Churriguera.

HAB3.10.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: "Piedad", de Gregorio Fernández; "Inmaculada do facistol", de Alonso Cano; "Magdalena penitente", de Pedro de Mena.

HAB3.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: "Martirio de San Filipe", "O soño de Xacob" e "O zambro", de Ribera; "Bodegón" do Museo do Prado, de Zurbarán; "O augador de Sevilla", "Os borrachos", "A fragua de Vulcano", "A rendición de Breda", "O Príncipe Baltasar Carlos a cabalo", "A Venus do espello", "As meninas" e "As fiandeiras", de Velázquez; "A Sagrada Familia do paxariño", "A Inmaculada de El Escorial", "Os nenos da concha" e "Nenos xogando aos dados", de Murillo.

B3.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do século XVIII, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

HAB3.11.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos.

HAB3.11.2. Compara o Barroco tardío e o Rococó, e especifica a diferente concepción da vida e a arte que encerran.

HAB3.11.3. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura.

HAB3.11.4. Comenta a escultura neoclásica a través da obra de Casanova.

HAB3.11.5. Especifica as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David.

HAB3.11.6. Distingue entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII.

HAB3.11.7. Explica a figura de Salzillo como derradeiro representante da imaxinaría relixiosa española en madeira policromada.

B3.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do século XVIII, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

HAB3.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Hospicio de San Fernando de Madrid, de Pedro de Ribera; fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; Pazo Real de Madrid, de Juvara e Sacchetti; Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado



	en Madrid, de Juan de Villanueva. HAB3.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do século XVIII: "A oración no horto", de Salzillo; "Eros e Psique" e "Paulina Bonaparte", de Canova. HAB3.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de David: "O xuramento dos Horacios" e "A morte de Marat". B3.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. HAB3.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos séculos XVI e XVII. B3.14. Respetar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar. HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia.
--	---

Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 4: O século XIX: a arte dun mundo en transformación

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B4.1. A figura de Goya. B4.2. Comentario de obras de arte: Goya. B4.3. A Revolución Industrial e o impacto dos novos materiais na arquitectura. Do Historicismo ao Modernismo. A Escola de Chicago. Nacemento do urbanismo moderno. B4.4. Comentario de obras de arte: arquitectura do século XIX. B4.5. Evolución da pintura: Romanticismo, Realismo, Impresionismo e Simbolismo. Os postimpresionistas, xerme das vangardas pictóricas do século XX. B4.6. Función social da arte no século XIX. B4.7. Comentario de obras de arte: o século XIX. B4.8. Escultura: mantemento do clasicismo. Rodin. B4.9. Comentario de obras de arte: século XIX. B4.10. Traballo de investigación en historia da arte. B4.11. Conservación do patrimonio: arte do século XIX.	B4.1. Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores. HAB4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos. HAB4.1.2. Compara a visión de Goya nas series de gravados "Os caprichos" e "Os disparates ou proverbios". B4.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas de Goya, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). HAB4.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" ("A loita cos mamelucos"), "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808"; desastre nº 15 ("E non hai remedio") da serie "Os desastres da guerra"; "Saturno devorando un fillo" e "A leiteira de Bordeos". B4.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. HAB4.3.1. Describe as características e a evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e as necesidades da revolución industrial. HAB4.3.2. Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX. HAB4.3.3. Explica as características do neoclasicismo



arquitectónico durante o Imperio de Napoleón.

HAB4.3.4. Explica as características do historicismo en arquitectura e a súa evolución cara ao eclecticismo.

HAB4.3.5. Explica as características e principais tendencias da arquitectura modernista.

HAB4.3.6. Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura.

HAB4.3.7. Describe as características e os obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX.

B4.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura do século XIX, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

HAB4.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: templo da Madalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorio de Chicago, de Sullivan e Adler; torre Eiffel de París; templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí.

B4.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

HAB4.5.1. Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix.

HAB4.5.2. Compara as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner.

HAB4.5.3. Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX.

HAB4.5.4. Compara o Realismo co Romanticismo.

HAB4.5.5. Describe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo.

HAB4.5.6. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século XX.

HAB4.5.7. Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo e ao Impresionismo.

B4.6. Explicar a evolución cara á independencia dos artistas respecto aos clientes, especificando o papel desempeñado polas academias, os salóns, as galerías privadas e os marchantes.

HAB4.6.1. Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura.

B4.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

HAB4.7.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "O baño turco", de Ingres; "A balsa da Medusa", de Gericault; "A liberdade guiando o pobo", de Delacroix; "O carro de feo", de Constable; "Chuvia, vapor e velocidade", de Turner; "O enterro de Ornans", de Courbet;



"O ánxelus", de Millet; "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Le Moulin de la Galette", de Renoir; "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Xogadores de cartas" e "Mazás e laranxas", de Cézanne; "A noite estrelada" e "O segador", de Van Gogh; "Visión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gauguin.

B4.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da escultura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

HAB4.8.1. Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios).

HAB4.8.2. Explica as características da renovación escultórica emprendida por Rodin.

B4.9. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da escultura do século XIX, aplicando un método que abranza diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

HAB4.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin: "O pensador" e "Os burgueses de Calais".

B4.10. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.

HAB4.10.1. Realiza un traballo de investigación sobre as exposicións universais do século XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico.

HAB4.10.2. Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras concretas.

B4.11. Respetar as creacións da arte do século XIX, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.

HAB4.11.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte do século XIX que se conservan en Galicia.

Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 5: A ruptura da tradición : a arte na primeira metade do século XX

CONTIDOS

B5.1. O fenómeno das vangardas nas artes plásticas: Fauvismo, Cubismo, Futurismo, Expresionismo, pintura abstracta, Dadaísmo e Surrealismo.

B5.2. Comentario de obras de arte: a plástica na primeira metade do século XX.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

HAB5.1.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria



B5.3. Renovación da linguaxe arquitectónica: o funcionalismo do Movemento Moderno e a arquitectura orgánica.

B5.4. Comentario de obras de arte: arquitectura da primeira metade do século XX.

B5.5. Traballo de investigación en Historia da Arte.

B5.6. Conservación do patrimonio: arte do século XX.

anterior.

HAB5.1.2. Describe a orixe e as características do Fauvismo.

HAB5.1.3. Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético.

HAB5.1.4. Describe o ideario e os principios do futurismo.

HAB5.1.5. Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, explica as súas características xerais e especifica as diferenzas entre os grupos alemáns "A ponte" e "O xinete azul".

HAB5.1.6. Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo.

HAB5.1.7. Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise.

HAB5.1.8. Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo.

HAB5.1.9. Explica a importancia dos pintores españois Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas.

HAB5.1.10. Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes.

B5.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

HAB5.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón", "Retrato de Ambroise Vollard", "Natureza morta con cadeira de reixa de cana" e "Guernica", de Picasso; "A cidade que emerxe", de Boccioni; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "Lírica" e "Sobre branco II", de Kandinsky; "Cadrado negro", de Malevich; "Composición II", de Mondrian; "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "O elefante das Celebes", de Ernst; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" e "Mulleres e paxaros á luz da lúa", de Miró; "O xogo lúgubre" e "A persistencia da memoria", de Dalí.

HAB5.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "O profeta", de Gargallo; "Formas únicas de continuidade no espazo", de Boccioni; "Fonte", de Duchamp; "Muller peiteándose ante un espello", de Xulio González; "Mademoiselle Pogany I", de Brancusi; "Lagosta, nasa e cola de peixe", de Calder; "Figura reclinada", de Henry Moore.

B5.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura da primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.



- HAB5.3.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura.
- HAB5.3.2. Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno.
- B5.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- HAB5.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: edificio da Bauhaus en Dessau (Alemaña), de Gropius; pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Saboia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; casa Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright.
- B5.5. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais coma as novas tecnoloxías.
- HAB5.5.1. Realiza un traballo de investigación sobre o Grupo de Artistas e Técnicos Españoles Para o Progreso da Arquitectura Contemporánea (GATEPAC).
- B5.6. Respetar as manifestacións da arte da primeira metade do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se sustenta a liberdade creativa actual.
- HAB5.6.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección.

Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 6: A universalización da arte desde a segunda metade do século XX

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
B6.1. Predominio do Movemento Moderno ou Estilo Internacional en arquitectura. A arquitectura á marxe do estilo internacional: High Tech, arquitectura Posmoderna e Deconstrución.	B6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura desde a segunda metade do século XX, enmarcándoa nas novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan ao mundo actual.
B6.2. Comentario de obras de arte: arquitectura desde a segunda metade do século XX.	HAB6.1.1. Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte.
B6.3. Artes plásticas: das segundas vangardas á posmodernidade.	HAB6.1.2. Explica as razóns do mantemento e a difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura.
B6.4. Comentario de obras de arte: a arte desde a segunda metade do século XX.	HAB6.1.3. Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas á marxe do Movemento Moderno ou Estilo Internacional, en particular a High Tech, a posmoderna e a deconstrución.
B6.5. Novos sistemas visuais: fotografía, cine e televisión, cartelismo e cómic. Combinación de linguaxes expresivas.	B6.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
B6.6. Impacto das novas	



tecnoloxías na difusión e na creación artística.

B6.7. Arte e cultura visual de masas.

B6.8. O patrimonio artístico como riqueza cultural. A preocupación pola súa conservación. A UNESCO.

HAB6.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "Unité d'habitation" en Marsella, de Le Corbusier; edificio Seagram en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a Casa da Ópera de Sydney, de J. Utzon; o centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o AT & T Building de Nova York, de Philip Johnson; o museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry.

B6.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas desde a segunda metade do século XX, no marco das novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan o mundo actual.

HAB6.3.1. Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano.

HAB6.3.2. Explica a abstracción postpictórica.

HAB6.3.3. Explica o Minimalismo.

HAB6.3.4. Explica a arte cinética e a Op-Art.

HAB6.3.5. Explica a arte conceptual.

HAB6.3.6. Explica a Arte Povera.

HAB6.3.7. Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo.

HAB6.3.8. Explica en que consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: Happening, Body Art e Land Art.

HAB6.3.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas.

B6.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

HAB6.4.1. Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; "Grito nº 7", de Antonio Saura; "One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Ctesiphon III", de F. Stella; "Equivalente VIII", de Carl André; "Vega 200", de Vasarely; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Iglú con árbore", de Mario Merz; "Marilyn Monroe" (serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra" (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de Francis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López.

B6.5. Explicar o desenvolvemento e a extensión dos novos sistemas visuais, como a fotografía, o cine, a televisión, o cartelismo ou o cómic, especificando o modo en que combinan diversas linguaxes expresivas.

HAB6.5.1. Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador.

B6.6. Describir as posibilidades que abriron as novas tecnoloxías, e explicar os seus efectos tanto para a



	creación artística como para a difusión da arte. HAB6.6.1. Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte. B6.7. Identificar a presenza da arte na vida cotiá, e distinguir os ámbitos en que se manifesta. HAB6.7.1. Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais. HAB6.7.2. Identifica a arte nos diferentes ámbitos da vida cotiá. B6.8. Respetar as manifestacións da arte de todos os tempos, valorándoas como patrimonio cultural herdado que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras, e explicar que é o Patrimonio Mundial da UNESCO, así como a súa orixe e a súa finalidade. HAB6.8.1. Explica a orixe do Patrimonio Mundial da UNESCO e os seus obxectivos. HAB6.8.2. Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e de Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO.
--	--

Contidos e Criterios de Avaliación do Bloque 7: O vocabulario artístico

CONTIDOS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

B7.1. Vocabulario artístico.

B7.1. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os elementos e as técnicas principais.

Est. Apr. HAB7.1.1. Utiliza con corrección a terminoloxía específica das artes en exposicións orais e escritas.

CONTIDOS			Referencia no Decreto 86/2015	CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
1ª avaliación	A arte da antigüidade clásica. Grecia e Roma.	Grecia, creadora da linguaxe clásica: principais manifestacións.	B1.1.	B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural.
		A función social da arte en Grecia.	B1.2.	HAB1.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas
		Comentario de obras de arte:	B1.3.	HAB1.1.2. Define o concepto de orde



		Grecia.		arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega.
		Visión do clasicismo en Roma. A arte na Hispania romana e na Gallaecia.	B1.4.	HAB1.1.3. Describe os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica.
		Función social da arte en Roma.	B1.5.	
		Comentario de obras de arte: Roma.	B1.6.	
		Conservación do patrimonio: arte grecorromana.	B1.8.	
		Vocabulario artístico.	B7.1.	
	A arte paleocristiá, bizantina, prerrománica e islámica.	Achega cristiá na arquitectura e na iconografía.	B2.1.	
		Arte bizantina.	B2.2.	
		Comentario de obras de arte bizantina	B2.3.	
		Arte prerrománica.	B2.4.	
		O peculiar desenvolvemento artístico da Península Ibérica. Arte hispanomusulmá.	B2.11.	
		Comentario de obras de arte medieval española.	B2.12.	
		Conservación do patrimonio: arte medieval.	B2.14.	
		Vocabulario artístico.	B7.1.	
	A arte románica.	Configuración e desenvolvemento da arte románica. Igrexas e mosteiros. Iconografía románica.	B2.5.	
		Función social da arte románica.	B2.6.	
		Comentario de obras de arte románica.	B2.7.	



		O peculiar desenvolvemento artístico da Península Ibérica. O Románico no Camiño de Santiago	B2.11.	
		Comentario de obras de arte medieval española.	B2.12.	
		Conservación do patrimonio: arte medieval.	B2.14.	
		Vocabulario artístico.	B7.1.	
	A arte gótica.	Achega do Gótico: expresión dunha cultura urbana. A catedral e a arquitectura civil. Modalidades escultóricas. Pintura italiana e flamenca, orixe da pintura moderna.	B2.8.	
		Función social da arte gótica.	B2.9.	
		Comentario de obras de arte gótica.	B2.10.	
		O peculiar desenvolvemento artístico da Península Ibérica. O Gótico e a súa longa duración.	B2.11.	
		Comentario de obras de arte medieval española.	B2.12.	
		Conservación do patrimonio: arte medieval.	B2.14.	
		Vocabulario artístico.	B7.1.	
2ª avaliación	O Renacemento.	Renacemento. Padróns e artistas. Orixe e desenvolvemento da nova linguaxe en arquitectura, escultura e pintura. Achegas de grandes artistas do Renacemento italiano.	B3.1.	
		Función social da arte no Renacemento	B3.2.	
		Comentario de obras de arte: arte do Renacemento	B3.3.	
		Vocabulario artístico.	B7.1.	



	O Renacemento en Europa e España.	Comentario de obras de arte: arte do Renacemento	B3.3.	
		A recepción da estética renacentista na Península Ibérica.	B3.4.	
		Comentario de obras de arte: arte española do Renacemento.	B3.5.	
		Vocabulario artístico.	B7.1.	
	O Barroco.	Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Principais tendencias.	B3.6.	
		Función social da arte no Barroco.	B3.7.	
		Comentario de obras de arte: arte do Barroco.	B3.8.	
		Barroco hispánico. Urbanismo e arquitectura. Imaxinaría barroca. Achega da pintura española: grandes figuras do Século de Ouro.	B3.9.	
		Comentario de obras de arte: arte española do Barroco.	B3.10.	
		Vocabulario artístico.	B7.1.	
	A arte ao final do Antigo Réxime. Rococó e Neoclasicismo. a pintura de Francisco de Goya.	Século XVIII. Mantemento do Barroco. Refinamento rococó. Neoclasicismo e Romanticismo.	B3.11.	
		Comentario de obras de arte: arte do século XVIII	B3.12.	
		Conservación do patrimonio: arte moderna.	B3.14.	
		A figura de Goya.	B4.1.	



3 ^a avaliación		Comentario de obras de arte: Goya.	B4.2.	
		Vocabulario artístico.	B7.1.	
	A arte do século XIX	A Revolución Industrial e o impacto dos novos materiais na arquitectura. Do Historicismo ao Modernismo. A Escola de Chicago. Nacemento do urbanismo moderno.	B4.3.	
		Comentario de obras de arte: arquitectura do século XIX.	B4.4.	
		Evolución da pintura: Romanticismo, Realismo, Impresionismo e Simbolismo. Os postimpresionistas, xerme das vangardas pictóricas do século XX.	B4.5.	
		Función social da arte no século XIX.	B4.6.	
		Comentario de obras de arte: o século XIX.	B4.7.	
		Escultura: mantemento do clasicismo. Rodin.	B4.8.	
		Comentario de obras de arte: século XIX.	B4.9.	
		Conservación do patrimonio: arte do século XIX.	B4.11.	
		Vocabulario artístico.	B7.1.	
	A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX.	O fenómeno das vangardas nas artes plásticas: Fauvismo, Cubismo, Futurismo, Expresionismo, pintura abstracta, Dadaísmo e Surrealismo.	B5.1.	
		Comentario de obras de arte: a plástica na primeira	B5.2.	



		metade do século XX.		
		Renovación da linguaxe arquitectónica: o funcionalismo do Movemento Moderno e a arquitectura orgánica	B5.3.	
		Comentario de obras de arte: arquitectura da primeira metade do século XX.	B5.4.	
		Conservación do patrimonio: arte do século XX.	B5.6.	
		Vocabulario artístico.	B7.1.	
	A arte no noso tempo: universalización da arte	Predominio do Movemento Moderno ou Estilo Internacional en arquitectura. A arquitectura á marxe do estilo internacional: High Tech, arquitectura Posmoderna e Deconstrución.	B6.1.	
		Comentario de obras de arte: arquitectura desde a segunda metade do século XX.	B6.2.	
		Artes plásticas: das segundas vangardas á posmodernidade.	B6.3.	
		Comentario de obras de arte: a arte desde a segunda metade do século XX.	B6.4.	
		Vocabulario artístico.	B7.1.	
	O patrimonio artístico e a súa conservación. A arte e a cultura visual de masas. Tendencias	Novos sistemas visuais: fotografía, cine e televisión, cartelismo e cómic. Combinación de linguaxes expresivas.	B6.5.	
		Impacto das novas tecnoloxías na difusión e na	B6.6.	



	actuais en Galicia.	creación artística.		
		Arte e cultura visual de masas.	B6.7.	
		O patrimonio artístico como riqueza cultural. A preocupación pola súa conservación. A UNESCO.	B6.8.	
		Vocabulario artístico.	B7.1.	

3. CONTIDOS DA MATERIA

3.3 CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA

Coa fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa valorado conforme a criterios de plena obxectividade, deberán facerse públicos os criterios xerais que se aplicaran para a avaliación das aprendizaxes, promoción e titulación.

Informarase ao comezo do período lectivo sobre os contidos mínimos esixibles para a superación das diferentes materias del dependentes, os procedementos de recuperación e de apoio previstos, e os criterios de avaliación e procedementos de calificación aplicables.

A continuación, e para cada unha das unidades deste curso, indícanse os contidos mínimos esixibles que o alumnado deberá ter adquirido para superar a materia de Historia da Arte

UNIDADE 1. A ARTE

O valor social e cultural da arte.

Características xerais das principais manifestacións artísticas: arquitectura, escultura e pintura; debuxo e gravado.

Outras tipoloxías artísticas: miniatura, vitral, mosaico, cerámica.

As novas linguaxes artísticas: fotografía, cine, vídeo, cartel e cómic.

A análise dunha obra de arte: elementos que se deben examinar e tipos de análise.

UNIDADE 2. ARTE CLÁSICA: GRECIA

Contextualización histórica da cultura e da arte grega.

Principais características dos dúas antecedentes da arte grega: a arte cretense ou minoica e o arte micénica.

Estilos arquitectónicos e principais edificios da arquitectura grega.

A evolución da escultura grega.

Outras manifestacións da arte grega: a cerámica e o mosaico.

UNIDADE 3. ARTE CLÁSICA: ROMA



Contextualización histórica da arte romana.

Antecedentes da arte romana: a arte etrusca.

Características xerais da arquitectura romana e tipoloxías de edificios.

A escultura e a pintura romana: xéneros e estilos.

A basílica romana e a nova iconografía cristiá.

UNIDADES 4, 5 E 6 . ARTE BIZANTINA, ARTE ISLÁMICA E MUDÉXAR, E ARTE PRERROMÁNICA

Principais etapas da arte bizantina, a arte islámica e mudéxar, e da arte prerrománica.

Características da arquitectura, escultura e moisaico bizantinos.

Elementos da arquitectura islámica e da arte mudéxar.

Definición do concepto de arte «prerrománica».

Arte visigótica, arte asturiana e arte mozárabe: a súa arquitectura e ourivaría.

UNIDADE 7. ARTE ROMÁNICA

Contextualización histórica e cultural da arte románica.

Principais elementos das catedrais e igrexas románicas.

Outros edificios da arte gótica: mosteiros e castelos.

Características temáticas e formais da escultura románica: portadas de catedrais e esculturas devocionais.

As principais manifestacións pictóricas do románico: características e estilos.

UNIDADE 8. A ARTE GÓTICA

Contextualización histórica e cultural da arte gótica.

Os principais elementos arquitectónicos da catedral gótica.

Os estilos da arquitectura gótica: civil e relixiosa.

O proceso de humanización da escultura gótica.

Características formais, temática e estilos da pintura gótica.

UNIDADE 9. ARTE RENACENTISTA (I)

Contextualización histórica e cultural do Renacemento e da arte renacentista.

O desenvolvemento da arquitectura renacentista italiana: o *Quattrocento* e o *Cinquecento*.

Os proxectos urbanísticos do Renacemento e as novas formulacións da arquitectura civil e relixiosa.

Os estilos do Renacemento en España: plateresco, clasicista e herreriano.

A evolución da escultura renacentista italiana: o *Quattrocento* e o *Cinquecento*.

UNIDADE 9. ARTE RENACENTISTA (II)

Masaccio e a renovación da pintura renacentista.

Temática e técnicas da pintura renacentista.

As escolas pictóricas do Renacemento e os seus principais artistas.

A pintura renacentista en España.

Principais características da obra de El Greco.

UNIDADE 10. ARTE BARROCA E ROCOCÓ (I)

Contextualización histórica e cultural da arte barroca e rococó.



A cidade, os xardíns e os palacios no Barroco.

Principais conceptos plásticos da igrexa barroca.

A escultura barroca e a escultura rococó: tipoloxía, temática e materiais.

Bernini: antecedentes e obras máis significativas.

UNIDADE 10. ARTE BARROCA E ROCOCÓ (II)

Función e temática da pintura barroca.

Características das correntes pictóricas do século XVII: Clasicismo, Naturalismo, Realismo, Academicismo e Barroco.

A pintura rococó: características formais, temáticas e artistas máis destacados.

Definición do chamado *Século de Ouro* da pintura española.

Diego Velázquez: evolución da súa obra e as súas pinturas máis importantes.

UNIDADE 11. NEOCLASICISMO E ROMANTICISMO

Contextualización histórica e cultural do Neoclasicismo e do Romanticismo.

A arquitectura neoclásica: os seus referentes principais e as súas obras máis representativas.

Características formais e temáticas da escultura e a pintura neoclásicas.

Goya: evolución da súa obra e as súas pinturas significativas.

A ideoloxía do Romanticismo e as características principais da súa pintura.

UNIDADE 12. DO REALISMO AO MODERNISMO

Contextualización histórica e cultural da sociedade europea e a súa arte na segunda metade do século XIX.

Os novos plans urbanísticos do século XIX.

A arquitectura historicista, a arquitectura do ferro e a Escola de Chicago.

A escultura e a pintura na segunda metade do século XIX: principais tendencias e movementos.

O Modernismo en Europa e en España.

UNIDADE 13. PRIMEIRAS VANGARDAS

Contextualización histórica e cultural da sociedade europea e a súa arte na primeira metade do século XX.

Funcionalismo, Organicismo, e vangardas arquitectónicas: os seus artistas e as súas obras máis representativas.

Principais características e formulacións dos “ismos” da primeira metade do século XX: fauvismo, expresionismo, cubismo, futurismo, dadaísmo, arte abstracta e surrealismo.

Definición do noucentisme catalán.

Picasso, Dalí e Miró: características principais da súa arte e obras significativas.

UNIDADE 14. SEGUNDAS VANGARDAS

Contextualización histórica e cultural da sociedade europea e a súa arte desde a segunda metade do século XX.

Correntes da arquitectura contemporánea: funcionalismo, posmodernismo, high-tech, deconstrutivismo e de autor.

A escultura e a pintura desde a segunda metade do século XX: principais tendencias e artistas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO SAN CLEMENTE
Rúa San Clemente s/n. 15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 0034 881 867 501 - Fax: 0034 881 867 538
www.iessanclemente.net - ies.sanclemente@edu.xunta.es



A influencia das novas tecnoloxías na arte contemporánea.

Problemáticas da arte actual: cuestionamento de conceptos estéticos tradicionais e dunha definición de *arte*.



4. COMPETENCIAS

4.1 AS COMPETENCIAS CLAVE NO CURRÍCULO

A adquisición de competencias é un longo proceso que abrangue toda a vida de cada ser humano. Iníciase na etapa académica e prosegue na vida adulta. Pero os anos de formación escolar son fundamentais para o posterior desenvolvemento persoal, social e profesional.

Precisamente para favorecer ao máximo este desenvolvemento, identificáronse un grupo de sete competencias, que, polo seu rol vertebrador, se denominaron como Competencias Clave:

- Competencia lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- Competencia dixital
- Aprender a aprender
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- Conciencia e expresións culturais

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa nun contexto social e cultural determinado.

É unha competencia complexa que inclúe tanto aspectos propiamente lingüísticos como sociais, culturais e prácticos.

O seu desenvolvemento artéllase arredor de cinco compoñentes relacionados cos seus ámbitos de aplicación ou dimensións:

- O **compoñente lingüístico** céntrase, principalmente, nas dimensións léxica, gramatical, semántica, fonolóxica, ortográfica e ortoépica.
- O **compoñente pragmático-discursivo** contempla as dimensións relacionadas coa aplicación da linguaxe e os discursos en contextos comunicativos concretos.
- O **compoñente sociocultural** inclúe as dimensións centradas no coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O **compoñente estratéxico** céntrase no desenvolvemento de destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación.
- O **compoñente persoal** potencia a actitude, a motivación e os trazos da personalidade a través da interacción comunicativa.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

a) A competencia matemática.



A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require de coñecementos sobre:

- Os números, as medidas e as estruturas.
- As operacións e as representacións matemáticas.
- A comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

A competencia matemática supón, ao mesmo tempo, o desenvolvemento dunha serie de destrezas que se centran en:

- A aplicación das ferramentas e coñecementos matemáticos a distintos contextos persoais, sociais, profesionais ou científicos.
- A realización de xuízos fundados e de cadeas argumentais na realización de cálculos.
- A análise de gráficos e representacións matemáticas e a manipulación de expresións alxébricas.

Estes coñecementos e destrezas artéllanse en catro áreas interrelacionadas entre si e relativas aos números, á álgebra, á xeometría e á estatística:

- A cantidade céntrase na cuantificación dos atributos dos obxectos, as relacións, as situacións e as entidades do mundo.
- O espazo e a forma inclúen fenómenos da nosa redonda visual e física como propiedades e posicións de obxectos ou decodificación de información visual.
- O cambio e as relacións céntrase nas relacións entre os obxectos e as circunstancias nas que ditos obxectos se interrelacionan.
- A incerteza e os datos son un elemento central da análise matemática presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas.

b) As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico favorecendo:

- A interacción responsable co medio natural a través de accións que favorezan a conservación do medio natural.
- O desenvolvemento do pensamento científico coa aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas.

Os ámbitos que deben abordarse para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son:

- Sistemas físicos, que están asociados ao comportamento das substancias no ámbito fisicoquímico.
- Sistemas biolóxicos propios dos seres vivos dotados dunha complexidade orgánica que é preciso coñecer para preservalos e evitar o seu deterioro.
- Sistemas da Terra e do Espazo desde a perspectiva xeolóxica e cosmogónica, centrada na orixe do Universo e da Terra.
- Sistemas tecnolóxicos derivados, basicamente, da aplicación dos saberes científicos aos usos cotiáns de instrumentos, máquinas e ferramentas.

COMPETENCIA DIXITAL

A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para favorecer o seu uso na redonda laboral, potenciar a aprendizaxe, xestionar o tempo libre e contribuír á participación na sociedade.



Para alcanzar estes fins, o desenvolvemento da competencia artéllase arredor dos seguintes ámbitos:

- A información, particularmente a xestión da información, o coñecemento dos soportes a través dos cales se difunde e o uso de motores de procura.
- A comunicación, desenvolvendo o coñecemento dos medios de comunicación dixital e a utilización de paquetes de software de comunicación
- A creación de contido, centrándose no uso de diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes) e programas/aplicacións para crear contidos.
- A seguridade, que implica coñecer os riscos asociados ao uso das tecnoloxías ou de recursos online e as estratexias ou actitudes adecuadas para evitalos
- A resolución de problemas, centrada no uso de dispositivos dixitais para resolver problemas e a identificación de fontes para buscar axuda teórica ou práctica.

APRENDER A APRENDER

A competencia aprender a aprender caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe.

É unha competencia fundamental para facilitar a aprendizaxe ao longo da vida e artículase arredor de:

- A capacidade para motivarse a aprender, que depende da curiosidade e da conciencia da necesidade de aprender do alumnado.
- A organización e xestión da aprendizaxe, que require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe na realización das tarefas de aprendizaxe.

Ao mesmo tempo, a organización e xestión da aprendizaxe desenvólvese a través de dous aspectos clave da competencia para aprender a aprender:

- A comprensión de procesos mentais implicados na aprendizaxe: que se sabe ou descoñece e o coñecemento de disciplinas e estratexias para realizar unha tarefa.
- A adquisición de destrezas de autorregulación e control fundamentados no desenvolvemento de estratexias de planificación, revisión e avaliación.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

a) A competencia social

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo en relación á saúde, tanto física como mental, e ao estilo de vida saudable que a favorece.

Esta competencia está estreitamente ligada ás redondas sociais inmediatas do alumnado e artéllase a través de:

- Os coñecementos que permitan comprender e analizar de forma crítica os códigos de conduta e os usos de distintas sociedades e redondas.
- A comprensión de conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación.
- O recoñecemento das dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas.

A competencia cívica

A competencia cívica baséase no coñecemento dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos cívís. Este coñecemento supón á súa vez:

- A comprensión de como se formulan ditos conceptos na Constitución, na Carta dos Dereitos Fundamentais da UE e outras declaracións internacionais.



- A aplicación de ditos conceptos en diversas institucións de ámbito local, rexional, nacional, europeo e internacional.
- A identificación dos acontecementos contemporáneos máis destacados e a comprensión de procesos sociais e culturais da sociedade actual.

A competencia cívica supón, ao mesmo tempo, o desenvolvemento dunha serie de destrezas que se centran en:

- A habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público e para manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que lle afecten á comunidade.
- A reflexión crítica e creativa e a participación construtiva nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato.
- A toma de decisións nos contextos local, nacional ou europeo e, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos, para o que se require:

- Adquirir conciencia da situación que se quere intervir ou resolver.
- Planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, coa fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Estes fins acádanse na competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor a través dos seguintes ámbitos:

- A capacidade creadora e de innovación centrada no desenvolvemento da creatividade, o autocoñecemento, a autonomía, o esforzo e a iniciativa.
- A capacidade pro-activa para xestionar proxectos que implica destrezas como a planificación, a xestión e toma de decisións ou a resolución de problemas.
- A capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza en diferentes contextos e situacións.
- As calidades de liderado e de traballo, tanto individual como formando parte ou liderando un equipo.
- O sentido crítico e da responsabilidade, en especial no que á asunción das propias responsabilidades se refire.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

A competencia en conciencia e expresións culturais artículase arredor dos seguintes aspectos:

- Coñecer as manifestacións culturais e artísticas valorándoas como unha fonte de enriquecemento persoal e como parte do patrimonio dos pobos.
- Desenvolver a propia capacidade estética e creadora vinculada ao dominio das capacidades relacionadas con distintos códigos artísticos e culturais.

Estes aspectos da competencia en conciencia e expresións culturais desenvólvese ao mesmo tempo a través de:

- O coñecemento de xéneros, estilos, técnicas e linguaxes artística.,
- O desenvolvemento da capacidade e interese por expresarse e comunicar ideas.
- A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación.
- O interese polas obras artísticas e a participación na vida cultural da redonda.
- A capacidade de esforzo e a disciplina necesarias para a produción artística.



COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

a) A competencia matemática

INDICADORES	DESCRITORES
1. Coñecer e empregar elementos matemáticos básicos.	Aplicar as operacións que debe realizar con números enteiros.
	Establecer relacións de proporcionalidade directa e inversa.
	Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
	Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
2. Desenvolver o razoamento lóxico-matemático	Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
	Seguir pasos lóxicos e de operatividade matemática na resolución de problemas.
3. Utilizar conceptos e procedementos matemáticos para resolver problemas cotiáns ou de diferentes áreas de coñecemento.	Utilizar técnicas de rexistro e de representación gráfica e numérica.
	Empregar escalas e sistemas de representación.
	Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
	Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
	Aplicar técnicas de orientación en mapas e planos.

b) As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

INDICADORES	DESCRITORES
1. Comprender e explicar o mundo natural e tecnolóxico	Recoñecer os aspectos básicos dos ecosistemas e o medio natural.
	Desenvolver a propia conciencia medioambiental e pautas de consumo sostible.
	Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
2. Recoñecer os trazos claves da ciencia e da tecnoloxía	Familiarizarse cos criterios que debe cumprir unha disciplina para ser considerada científica.
	Asimilar os aspectos e elementos básicos dunha ciencia e do coñecemento científico.
3. Entender e empregar o pensamento, a metodoloxía e os coñecementos científicos.	Desenvolver a capacidade para formular hipóteses e teorías de forma razoada.
	Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e aparatos para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso redor.
	Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en diferentes áreas de coñecemento.
	Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso redor e responder preguntas.

COMPETENCIA DIXITAL



INDICADORES	DESCRITORES
1. Interpretar a información obtida por diversos medios e transformala en coñecemento	Interpretar e utilizar correctamente a información obtida da Internet.
	Realizar pequenas investigacións ou procuras de información.
2. Utilizar correctamente as TIC e as súas linguaxes	Empregar correctamente diferentes procesadores de texto.
	Editar información en follas de cálculo para organizar a información.
	Redactar e enviar correos electrónicos.
	Empregar presentacións dixitais como medio de apoio na transmisión de coñecementos.
	Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
3. Familiarizarse de forma crítica cos medios de comunicación.	Utilizar os distintos canais de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Desenvolver o espírito crítico ante as mensaxes publicitarias.

APRENDER A APRENDER

INDICADORES	DESCRITORES
1. Regular as propias capacidades académicas e de aprendizaxe.	Organizar os espazos e os tempos dedicados ao estudo e ao traballo de forma autónoma.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Realizar unha autoavaliación dos procesos de aprendizaxe e dos seus resultados.
2. Identificar e estimular as propias capacidades intelectuais e persoais.	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional e interdependente.
	Identificar as inclinacións vocacionais e as propias motivacións.
	Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

a) A competencia social

INDICADORES	DESCRITORES
1. Desenvolver as habilidades básicas de relación social.	Realizar traballos e actividades de forma colaborativa e cooperativa.
	Dialogar en grupo respectando as normas.
	Desenvolver actitudes de respecto cara ás opinións e formas de ser alleas.
2. Asumir capacidades e sentimentos de empatía e solidariedade.	Adoptar unha actitude flexible e dialogante en situacións problemáticas.
	Cumprir os acordos adoptados.
	Amosar disposición de axuda e solidariedade en relación aos problemas doutras persoas.
	Analizar as consecuencias do incumprimento das normas.



	Desenvolver actitudes e estratexias de comunicación asertiva.
	Recoñecer e potenciar as propias habilidades sociais e de empatía.

b) A competencia cívica

INDICADORES	DESCRITORES
1. Coñecer e interpretar a realidade social en diferentes escalas: local, nacional e internacional	Coñecer as actividades humanas e adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes.
	Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito refrendado por unha constitución
	Valorar positivamente a democracia e coñecer o seu funcionamento e institucións básicas.
2. Desenvolver o exercicio activo da cidadanía.	Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Asumir os valores e normas de convivencia democráticos en diferentes ámbitos.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

INDICADORES	DESCRITORES
1. Desenvolver a propia autonomía persoal.	Tomar conciencia das propias capacidades e das estratexias para potencialas.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
	Dirimir a necesidade de axudas en función da dificultade da tarefa.
	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
2. Entender e asumir en que consiste o emprendemento	Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
	Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
	Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.
3. Asumir e potenciar a propia creatividade.	Adoptar unha actitude de curiosidade e procura de solucións imaxinativas ante problemas diversos.
	Realizar investigacións e proxectos de forma autónoma e creativa.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

INDICADORES	DESCRITORES
1. Coñecer e apreciar diferentes manifestacións artísticas.	Coñecer e valorar as linguaxes artísticas.
	Describir o contido ou a intencionalidade dunha obra artística.
	Amosar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
	Gozar das manifestacións artísticas.
2. Realizar diferentes	Empregar correctamente diferentes linguaxes artísticas na elaboración das propias producións.



expresións artísticas	culturais	e	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
			Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.



4. COMPETENCIAS

4.3 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE PARA A ETAPA

HISTORIA DA ARTE: AS COMPETENCIAS CLAVE NA HISTORIA DA ARTE

A aprendizaxe da Historia da Arte debe contribuír á adquisición, por parte dos alumnos e as alumnas, das competencias clave, tal e como se recolle no Real Decreto 1105/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

A continuación indícanse tales competencias, en orde da importancia que ten dentro da materia de Historia da Arte:

1) Competencia de conciencia e expresións culturais

A contribución da Historia da Arte a esta competencia devén fundamental dadas as características propias desta disciplina. Así, mediante a caracterización dos distintos estilos artísticos, e co comentario e análise das principais obras da arte occidental en relación co seu contexto histórico, social e cultural, exercítase plenamente esta competencia. Tamén é potenciada a través da aprendizaxe das técnicas e os elementos das distintas disciplinas artísticas: arquitectura, escultura e pintura.

As diversas características e funcións de toda obra de arte son inseparables do seu marco cultural, así como do contexto social, económico, político, ideolóxico, relixioso e biográfico no que foi ideada e realizada a obra de arte.

Igualmente, a Historia da Arte fomenta a creatividade e a sensibilidade artística porque tamén invita a valorar unha obra de arte desde un punto de vista puramente estético, o que á súa vez estimula o respecto cara a diferentes valoracións e interpretacións subxectivas.

Finalmente, a visita de museos, fundacións e outros centros artísticos promove a involucración do alumnado na vida cultural da sociedade e faino partícipe, como receptor e público, do proceso artístico contemporáneo.

2) Competencia sociais e cívicas

A súa contribución é moi destacable porque invita a valorar o patrimonio artístico como un legado que hai que preservar e transmitir ás xeracións vindeiras, mediante a participación activa na súa conservación. Ao mesmo tempo, mediante o estudo da relación entre clientes e artistas ao longo da historia, desprégase unha evolución sociolóxica que enfatiza a comprensión da arte como produto eminentemente social.

Así mesmo, na realización de traballos de investigación sobre artistas ou obras específicos promóvese a planificación, organización e toma de decisións persoais deliberadas e debidamente xustificadas. Con isto, preténdese contribuír igualmente ao asentamento das bases para unha cidadanía que resolva os seus problemas mediante o respecto mutuo e a aceptación de opinións distintas, argumentando sempre de forma dialogada e considerada os distintos puntos de vista.

3) Competencia en comunicación lingüística.

A área desta materia é humanística, o que especialmente favorece o desenvolvemento da competencia lingüística ao ter que caracterizar e describir os estilos artísticos da arte mediante a terminoloxía específica da Historia da Arte. Ao mesmo tempo, exercítase



continuamente a expresión e comprensión escrita porque se utilizan e manexan distintos tipos de textos: explicativos, descritivos e informativos. En particular, o alumno a partir destes textos elabora e procesa a información para poder expola posteriormente de forma comprensible, oral ou escrita.

Ademais, en tanto que un dos obxectivos fundamentais da materia é o comentario, a análise e a valoración de obras de arte, estímase a comprensión de linguaxes icónicas e simbólicas de representación.

4) Competencia de aprender a aprender

A través de varias formas, a materia da Historia da Arte contribúe a desenvolver adecuadamente esta competencia. En primeiro lugar, a partir dun tipo de comentario de obras de arte que inclúe aspectos históricos, formais, sociolóxicos e iconográficos, o alumnado adquire autonomía para aplicar estes coñecementos nas súas propias análises, podendo entón elaborar catálogos con breves comentarios de obras onde pode asociar o aprendido a novas experiencias artísticas vividas. Con isto, estímase así mesmo a reflexión e disquisición das dificultades encontradas no proceso levado a cabo.

En segundo lugar, os contidos específicos da área estimulan o desenvolvemento de estratexias para organizar a información, aprendela e poder aplicala en contextos distintos: por exemplo, as características dun estilo artístico permiten a súa aplicación a distintas obras tanto de contextos próximos como afastados.

Finalmente, o estudo da pervivencia das características estilísticas dalgúns períodos en etapas posteriores contribúe a construír as novas aprendizaxes sobre os xa realizados.

5) Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta materia promove, a través das súas diversas tarefas, o desenvolvemento da capacidade para pór en práctica habilidades de planificación e organización do estudo. Especificamente, na elaboración de catálogos de comentarios de obras de arte e, da mesma forma, tamén na confección dos traballos de investigación, requírese o uso de habilidades para planificar, organizar, analizar, comunicar, facer e informar, así como habilidades para traballar de forma cooperativa e flexible como parte dun equipo, asumindo unha actitude de participación activa e decisiva e respondendo de forma positiva ás novidades.

6) Competencia dixital.

Exercítase e desenvólvese esta competencia a partir do uso habitual na materia de distintos tipos de información dixital. Efectivamente, a análise e o comentario das obras de arte, así como a caracterización dos distintos estilos artísticos correspondentes, supón o visionado de imaxes das obras, e, cando corresponde, de plantas, alzados, vídeos, proxeccións isométricas ou do percorrido dalgunhas grandes obras en tres dimensións.

Ademais, nos traballos de investigación requírirase que o alumnado utilice as tecnoloxías da información, tanto na procura da información como no seu procesamento e a súa exposición.

Finalmente, grazas á achega doutras manifestacións procedentes das novas tecnoloxías e os medios de comunicación visual, a Historia da Arte renovouse de xeito que o acceso á imaxe forma parte da nosa realidade cotiá.

7) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Esta unha das competencias que se exercita en menor proporción dentro da Historia da Arte. Porén, en moitas obras de arte si que se traballa ocasionalmente, xa sexa a partir do estudo de proporcións, cánones, esquemas compositivos, dimensións, e relacións entre as partes, e entre as partes e o todo. O desenvolvemento desta competencia, polo tanto, poderase practicar especialmente no estudo de obras clásicas ou influenciadas



polo mundo clásico, así como nos patróns xeométricos utilizados nalgúns sistemas de decoración.

Outra forma de traballar esta competencia é a reflexión sobre ao valor que algúns cadros acadaron nos últimos anos nos mercados de subastas.

HISTORIA DA ARTE: CONCRECIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

A aprendizaxe da Historia da Arte centrarase no desenvolvemento dos seguintes obxectivos competenciais para cada unha das competencias:

Conciencia e expresións culturais

- Desenvolver a sensibilidade estética e valorar a beleza das diferentes manifestacións artísticas ao longo da historia.
- Aprender a recoñecer, mediante a análise de obras seleccionadas, as características das principais manifestacións artísticas da historia da arte, desde a antigüidade até a contemporaneidade.
- Valorar as distintas funcións que tivo a arte ao longo da historia, desde a Antigüidade clásica á actualidade.
- Identificar a herdanza das diferentes tradicións precedentes no xurdimento dun novo estilo artístico.
- Apreciar a diversidade artística nun mesmo período cronolóxico.
- Comprender a necesidade de protexer e conservar o patrimonio artístico, e desenvolver unha actitude activa en relación coa protección e a conservación do patrimonio artístico.
- Cultivar o sentido estético e a capacidade de emocionarse ante as obras de arte.
- Valorar a creatividade e a experimentación constante en determinados períodos da historia.
- Identificar e valorar os elementos positivos contidos ao longo da historia da arte.
- Tomar consciencia da relevancia dos coñecementos artísticos para o desenvolvemento dunha cultura propia ampla.
- Ser consciente das relacións operadas ao longo da historia entre contexto histórico e desenvolvemento de tendencias e movementos artísticos.
- Comprender o sentido social, político e/ou cultural que a arte xogou en diferentes momentos da historia humana.
- Valorar a relevancia e necesidade de coñecer e apreciar o legado artístico da humanidade.

Competencias sociais e cívicas

- Identificar o sentido social, político ou relixioso de determinados movementos e tendencias artísticas ao longo da historia.
- Expresarse e relacionarse de xeito correcto no marco de grupo a propósito do estudo das obras de arte.
- Erradicar os usos discriminatorios da linguaxe ao referirse a producións artísticas concretas, detectando prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo.
- Realizar actividades en grupo para a análise de obras artísticas extraendo ensinanzas das achegas realizadas por outras persoas.
- Aplicar os coñecementos adquiridos no ámbito da historia da arte a unha mellor convivencia en sociedade.
- Expresarse de forma asertiva e amosar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.



- Valorar a reflexión estética e as diferentes teorías e propostas artísticas respectando os criterios dos seus creadores ou creadoras.

Comunicación lingüística

- Describir e analizar obras de arte utilizando a terminoloxía propia da historia da arte.
- Recoñecer o vocabulario específico para nomear os principais elementos e técnicas de obras arquitectónicas, escultóricas e pictóricas.
- Comprender e compor textos como medio para optimizar a aprendizaxe e reflexión sobre o desenvolvemento das diferentes manifestacións e estilos artísticos na historia.
- Familiarizarse co léxico propio da área e entender as diferentes acepcións dun mesmo termo en función do contexto histórico no que se emprega.
- Definir conceptos usando a linguaxe específica da área.
- Comunicarse argumentando as ideas propias e respectando as quendas de palabra dentro dun grupo.
- Expor opinións de forma argumentada ao longo dun debate.
- Recorrer ao uso activo de mecanismos que permiten a ampliación e a consolidación do vocabulario.
- Aprender a recoñecer o significado dun termo a partir do seu contexto.
- Valorar a lingua no seu correcto uso como instrumento básico de reflexión e desenvolvemento persoal.

Competencia para aprender a aprender

- Identificar os elementos de contido e forma presentes nas obras de arte.
- Identificar similitudes e diferenzas entre obras de arte e movementos ou tendencias artísticas diversas.
- Analizar a orixe e desenvolvemento dos diferentes movementos e tendencias artísticas ao longo da historia da arte.
- Contrastar os coñecementos, criterios e percepcións propias coas expresadas no texto sobre as obras de arte e os movementos e tendencias artísticas estudados.
- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Confrontar as propias opinións ou coñecementos con outras fontes de coñecemento ou opinión.
- Formular interrogantes e achegar respostas propias a preguntas sobre o contido estudado.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Expresar opinións propias sobre o contido, a forma e a técnica empregada en diferentes obra de arte.
- Identificar e comentar as relacións existentes entre as obras de arte e movementos artísticos e o contexto no que estes xorden e se desenvolven.
- Analizar e propor interpretacións diversas sobre obras de arte, esculturas, obras de arquitectura ou temas urbanísticos ao longo da historia da arte.
- Propor interpretacións posibles ao contido das obras estudadas.
- Realizar pequenas investigacións de forma autónoma.
- Analizar criticamente os propios valores, prexuízos e opinións en canto a contidos específicos.

Competencia dixital

- Analizar de forma crítica a información recibida a través dos medios de comunicación e da Internet.



- Aplicar coñecementos, habilidades propias da historia da arte para a procura e selección de información en medios dixitais e informáticos.
- Proporcionar coñecementos e destrezas para a procura de información relevante.
- Recorrer a soportes electrónicos no proceso de escritura.
- Adquirir habilidades para a reutilización da información na análise de contidos artísticos.
- Utilizar adecuadamente as bibliotecas e a Internet.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e en tecnoloxía

- Identificar diferentes formas de entender a historia da arte e o seu desenvolvemento en relación á técnica e ao contexto histórico económico e político ao longo da Historia.
- Valorar a aplicación de procedementos de análise propios da ciencia, as matemáticas ou a tecnoloxía para o estudo da historia da arte.
- Desenvolver actitudes de interese polo coñecemento de diferentes materias e ciencias a través da lectura e apreciación de temas artísticos.
- Analizar, comprender e transmitir información relativa a diferentes ámbitos da historia da arte onde incidan elementos propios do desenvolvemento das ciencias naturais, a industria ou a tecnoloxía.
- Estudar en obras clásicas ou influenciadas polo mundo clásico proporcións, así como nos patróns xeométricos utilizados nalgúns sistemas de decoración, cánones, esquemas compositivos, dimensións, e relacións entre as partes e entre as partes e o todo.
- Reflexionar sobre ao valor que algúns cadros acadaron nos últimos anos nos mercados de subastas, e avaliar a relación entre a calidade artística da obra e o seu valor económico, social ou político.



4. COMPETENCIAS

4.4 AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

COMPE T.CLAV E	CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TE-MAS
1. Com. lingüíst .	Bloque 6 Crit. Aval. B6.7. Identificar a presenza da arte na vida cotiá, e distinguir os ámbitos en que se manifesta. Est. Apr. HAB6.7.1. Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais.	T. 01
1. Com. lingüíst .	Bloque 1 Crit. Aval. B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB1.1.3. Describe os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica.	T. 02
1. Com. lingüíst .	Bloque 1 Crit. Aval. B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB1.1.4. Describe as características do teatro grego e a función das súas partes.	T. 02
1. Com. lingüíst .	Bloque 1 Crit. Aval. B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB1.4.3. Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos.	T. 03
1. Com. lingüíst .	Bloque 1 Crit. Aval. B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB1.4.7. Describe as características xerais dos mosaicos e a pintura en Roma a partir dunha fonte histórica ou historiográfica.	T. 03
1. Com. lingüíst .	Bloque 2 Crit. Aval. B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB2.1.2. Describe a orixe, a características e a función da basílica paleocristiá.	T. 03
1. Com. lingüíst .	Bloque 2 Crit. Aval. B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB2.1.3. Describe as características e función dos baptisterios, mausoleos e "martirios" paleocristiáns, e as súas partes.	T. 03
1. Com. lingüíst .	Bloque 2 Crit. Aval. B2.2. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB2.2.3. Describe as características do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do Pantocrátor e a Virxe e a Déesis, así como a súa influencia na arte occidental.	T. 04
1. Com. lingüíst .	Bloque 2 Crit. Aval. B2.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica e gótica española e hispanomusulmá, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB2.11.3. Describe os trazos esenciais da mesquita e o pazo islámico.	T. 05



COMPE T.CLAV E	CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TE-MAS
1. Com. lingüíst ·	Bloque 2 Crit. Aval. B2.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB2.4.1. Define o concepto de arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en España e en Galicia.	T. 06
1. Com. lingüíst ·	Bloque 2 Crit. Aval. B2.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB2.5.1. Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas.	T. 07
1. Com. lingüíst ·	Bloque 2 Crit. Aval. B2.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB2.5.2. Describe as características e as función das igrexas e dos mosteiros na arte románica.	T. 07
1. Com. lingüíst ·	Bloque 2 Crit. Aval. B2.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB2.8.1. Describe as características xerais da arte gótica a partir de fontes históricas ou historiográficas.	T. 08
1. Com. lingüíst ·	Bloque 2 Crit. Aval. B2.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB2.8.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica e especifica os cambios introducidos respecto á románica.	T. 08
1. Com. lingüíst ·	Bloque 2 Crit. Aval. B2.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB2.8.3. Describe as características e a evolución da escultura gótica, e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica.	T. 08
1. Com. lingüíst ·	Bloque 3 Crit. Aval. B3.2. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles. Est. Apr. HAB3.2.1. Describe a práctica do patrocinio no Renacemento italiano e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor.	T. 09
1. Com. lingüíst ·	Bloque 3 Crit. Aval. B3.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB3.4.2. Describe a evolución da arquitectura renacentista española.	T. 09
1. Com. lingüíst ·	Bloque 3 Crit. Aval. B3.6. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB3.6.6. Describe as características xerais da pintura barroca e especifica as diferenzas entre a Europa católica e a protestante.	T. 10
1. Com. lingüíst ·	Bloque 4 Crit. Aval. B4.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB4.5.1. Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix.	T. 11



COMPE T.CLAV E	CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TE-MAS
1. Com. lingüíst	Bloque 4 Crit. Aval. B4.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB4.3.7. Describe as características e os obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX.	T. 12
1. Com. lingüíst	Bloque 4 Crit. Aval. B4.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB4.3.1. Describe as características e a evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e as necesidades da revolución industrial.	T. 12
1. Com. lingüíst	Bloque 4 Crit. Aval. B4.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB4.5.5. Describe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo.	T. 12
1. Com. lingüíst	Bloque 4 Crit. Aval. B4.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB4.5.6. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século XX.	T. 12
1. Com. lingüíst	Bloque 5 Crit. Aval. B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB5.1.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior.	T. 13
1. Com. lingüíst	Bloque 5 Crit. Aval. B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB5.1.2. Describe a orixe e as características do Fauvismo.	T. 13
1. Com. lingüíst	Bloque 5 Crit. Aval. B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB5.1.3. Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético.	T. 13
1. Com. lingüíst	Bloque 5 Crit. Aval. B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB5.1.4. Describe o ideario e os principios do futurismo.	T. 13
1. Com. lingüíst	Bloque 5 Crit. Aval. B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB5.1.7. Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise.	T. 13



COMPE T.CLAV E	CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TE-MAS
1. Com. lingüíst	Bloque 5 Crit. Aval. B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB5.1.6. Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo.	T. 13
3. Comp. Digital	Bloque 6 Crit. Aval. B6.6. Describir as posibilidades que abriron as novas tecnoloxías, e explicar os seus efectos tanto para a creación artística como para a difusión da arte. Est. Apr. HAB6.6.1. Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte.	T. 14
4. Apr. a Apr.	Bloque 6 Crit. Aval. B6.5. Explicar o desenvolvemento e a extensión dos novos sistemas visuais, como a fotografía, o cine, a televisión, o cartelismo ou o cómic, especificando o modo en que combinan diversas linguaxes expresivas. Est. Apr. HAB6.5.1. Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador.	T. 01
4. Apr. a Apr.	Bloque 3 Crit. Aval. B3.8. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Barroco, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Est. Apr. HAB3.8.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini; San Carlos das Catro Fontes en Roma, de Borromini; Pazo de Versalles, de Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre.	T. 010
4. Apr. a Apr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Est. Apr. HAB1.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón, Tribuna das Cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké e teatro de Epidauro.	T. 02
4. Apr. a Apr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB1.1.5. Explica a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir do "Kouros" de Anavysos, o "Doríforo" (Policleto) e o "Apoxiomenos" (Lisipo).	T. 02
4. Apr. a Apr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Est. Apr. HAB1.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: Kouros de Anavysos, Auriga de Delfos, Discóbolo (Mirón), Doríforo (Policleto), unha metopa do Partenón (Fidias), Hermes con Dioniso neno (Praxíteles), Apoxiomenos (Lisipo), Vitoria de Samotracia, Venus de Milo e friso do altar de Zeus en Pérgamo (detalle de Atenea e Gea).	T. 02
4. Apr. a Apr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB1.4.5. Explica os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas.	T. 03



COMPE T.CLAV E	CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TE-MAS
4. Apr. a Apr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB1.4.2. Especifica as achegas da arquitectura romana en relación coa grega.	T. 03
4. Apr. a Apr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB1.4.6. Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega.	T. 03
4. Apr. a Apr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB2.1.1. Explica as características esenciais da arte paleocristiá e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	T. 03
4. Apr. a Apr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB2.1.4. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía.	T. 03
4. Apr. a Apr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abranza diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Est. Apr. HAB1.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Maison Carrée de Nimes, Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, basílica de Maxencio e Constantino en Roma, ponte de Alcántara, acueduto de Segovia, arco de Tito en Roma e columna de Traxano en Roma.	T. 03
4. Apr. a Apr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abranza diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Est. Apr. HAB1.6.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas romanas: Augusto de Prima Porta, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén) e relevo da columna de Traxano.	T. 03
4. Apr. a Apr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.5. Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles. Est. Apr. HAB1.5.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas.	T. 03
4. Apr. a Apr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB1.4.4. Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos.	T. 03
4. Apr. a Apr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte bizantina, aplicando un método que abranza diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Est. Apr. HAB2.3.1. Identifica, analiza e comenta o mosaico do Cortexo da emperatriz Teodora en San Vital de Rávena.	T. 04



COMPE T.CLAV E	CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TE-MAS
4. Apr. a Apr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.2. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB2.2.2. Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla.	T. 04
4. Apr. a Apr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica e gótica española e hispanomusulmá, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB2.11.4. Explica a evolución da arte hispanomusulmá.	T. 05
4. Apr. a Apr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica e gótica española e hispanomusulmá, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB2.11.5. Explica as características da arte mudéjar e especifica, con exemplos de obras concretas, as diferenzas entre o mudéjar popular e o cortesán.	T. 05
4. Apr. a Apr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte medieval española, aplicando un método que abranza diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). Est. Apr. HAB2.12.6. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras hispanomusulmás: Mesquita de Córdoba, Aljafería de Zaragoza, Giralda de Sevilla e Alhambra de Granada.	T. 05
4. Apr. a Apr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB2.4.2. Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: San Pedro da Nave (Zamora), Santa María do Naranco (Oviedo), San Miguel da Escalada (León), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense).	T. 06
5. Soc. e Cívica s	Bloque 3 Crit. Aval. B3.9. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural. Est. Apr. HAB3.9.1. Explica as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española durante o século XVII.	T. 10
5. Soc. e Cívica s	Bloque 3 Crit. Aval. B3.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do século XVIII, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB3.11.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos.	T. 11
5. Soc. e Cívica s	Bloque 3 Crit. Aval. B3.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do século XVIII, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB3.11.3. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura.	T. 11
5. Soc. e Cívica s	Bloque 3 Crit. Aval. B3.7. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles. Est. Apr. HAB3.7.1. Describe o papel desempeñado no século XVIII polas academias en toda Europa e, en particular, polo Salón de París.	T. 11



COMPETE CLAVE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TE-MAS
5. Soc. e Cívicas	Bloque 4 Crit. Aval. B4.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da escultura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB4.8.1. Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios).	T. 11
5. Soc. e Cívicas	Bloque 4 Crit. Aval. B4.1. Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores. Est. Apr. HAB4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos.	T. 11
5. Soc. e Cívicas	Bloque 4 Crit. Aval. B4.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB4.5.3. Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX.	T. 12
5. Soc. e Cívicas	Bloque 4 Crit. Aval. B4.6. Explicar a evolución cara á independencia dos artistas respecto aos clientes, especificando o papel desempeñado polas academias, os salóns, as galerías privadas e os marchantes. Est. Apr. HAB4.6.1. Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura.	T. 12
5. Soc. e Cívicas	Bloque 4 Crit. Aval. B4.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da escultura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB4.8.1. Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios).	T. 12
5. Soc. e Cívicas	Bloque 4 Crit. Aval. B4.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB4.3.2. Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX.	T. 12
5. Soc. e Cívicas	Bloque 4 Crit. Aval. B4.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB4.3.3. Explica as características do neoclasicismo arquitectónico durante o Imperio de Napoleón.	T. 12
5. Soc. e Cívicas	Bloque 4 Crit. Aval. B4.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB4.3.4. Explica as características do historicismo en arquitectura e a súa evolución cara ao eclecticismo.	T. 12



COMPETE CLAVE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TE-MAS
5. Soc. e Cívicas	Bloque 5 Crit. Aval. B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB5.1.10. Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes.	T. 13
5. Soc. e Cívicas	Bloque 6 Crit. Aval. B6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura desde a segunda metade do século XX, enmarcándoa nas novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan ao mundo actual. Est. Apr. HAB6.1.2. Explica as razóns do mantemento e a difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura.	T. 14
5. Soc. e Cívicas	Bloque 6 Crit. Aval. B6.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas desde a segunda metade do século XX, no marco das novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan o mundo actual. Est. Apr. HAB6.3.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas.	T. 14
5. Soc. e Cívicas	Bloque 6 Crit. Aval. B6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura desde a segunda metade do século XX, enmarcándoa nas novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan ao mundo actual. Est. Apr. HAB6.1.1. Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte.	T. 14
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 6 Crit. Aval. B6.8. Respetar as manifestacións da arte de todos os tempos, valorándoa como patrimonio cultural herdado que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras, e explicar que é o Patrimonio Mundial da UNESCO, así como a súa orixe e a súa finalidade. Est. Apr. HAB6.8.2. Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e de Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO.	T. 01
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. Est. Apr. HAB1.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre o debate acerca da autoría grega ou romana do grupo escultórico de "Laocoonte e os seus fillos".	T. 02
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. Est. Apr. HAB1.7.1. Realiza un traballo de investigación sobre Fídias.	T. 02
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.8. Respetar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que cómpre conservar. Est. Apr. HAB1.8.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte antiga que se conservan en Galicia.	T. 02



COMPE T.CLAV E	CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TE-MAS
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. Est. Apr. HAB1.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre o debate acerca da autoría grega ou romana do grupo escultórico de "Laocoonte e os seus fillos".	T. 03
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 1 Crit. Aval. B1.8. Respetar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que cómpre conservar. Est. Apr. HAB1.8.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte antiga que se conservan en Galicia.	T. 03
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.14. Respetar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar. Est. Apr. HAB2.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia.	T. 05
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.14. Respetar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar. Est. Apr. HAB2.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia.	T. 06
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. Est. Apr. HAB2.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e o significado da visión apocalíptica de Cristo e o Xuízo Final na arte medieval.	T. 07
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.14. Respetar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar. Est. Apr. HAB2.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia.	T. 07
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.14. Respetar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar. Est. Apr. HAB2.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia.	T. 08
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 3 Crit. Aval. B3.14. Respetar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar. Est. Apr. HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia.	T. 09
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 3 Crit. Aval. B3.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. Est. Apr. HAB3.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos séculos XVI e XVII.	T. 09



COMPE T.CLAV E	CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TE-MAS
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 3 Crit. Aval. B3.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. Est. Apr. HAB3.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos séculos XVI e XVII.	T. 10
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 3 Crit. Aval. B3.14. Respetar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar. Est. Apr. HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia.	T. 10
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 3 Crit. Aval. B3.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do século XVIII, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. Est. Apr. HAB3.11.5. Especifica as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David.	T. 11
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 3 Crit. Aval. B3.14. Respetar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar. Est. Apr. HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia.	T. 11
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 4 Crit. Aval. B4.10. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. Est. Apr. HAB4.10.1. Realiza un traballo de investigación sobre as exposicións universais do século XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico.	T. 12
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 4 Crit. Aval. B4.10. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. Est. Apr. HAB4.10.2. Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras concretas.	T. 12
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 4 Crit. Aval. B4.11. Respetar as creacións da arte do século XIX, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar. Est. Apr. HAB4.11.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte do século XIX que se conservan en Galicia.	T. 12
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 5 Crit. Aval. B5.5. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais coma as novas tecnoloxías. Est. Apr. HAB5.5.1. Realiza un traballo de investigación sobre o Grupo de Artistas e Técnicos Españois Para o Progreso da Arquitectura Contemporánea (GATEPAC).	T. 13
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 5 Crit. Aval. B5.6. Respetar as manifestacións da arte da primeira metade do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se sustenta a liberdade creativa actual. Est. Apr. HAB5.6.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección.	T. 13



COMPET. CLAVE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TE-MAS
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 5 Crit. Aval. B5.6. Respetar as manifestacións da arte da primeira metade do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se sustenta a liberdade creativa actual. Est. Apr. HAB5.6.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección.	T. 14
6. Sent. inic. e esp. empr.	Bloque 2 Crit. Aval. B2.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. Est. Apr. HAB2.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e o significado da visión apocalíptica de Cristo e o Xuízo Final na arte medieval.	T.08



5. METODOLOXÍA. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

5.1. METODOLOXÍA XERAL E ESPECÍFICA

No marco da súa Programación Didáctica os centros deben precisar en cada Curso os obxectivos que garanten as competencias clave, segundo o currículo, asumilo como obxectivos de centro e determinar a participación de cada unha das áreas do currículo na consecución das competencias.

O carácter multidisciplinar de moitas das competencias afástase da concepción do currículo como un conxunto de compartimentos estancos entre as diversas materias e por isto require unha coordinación de actuacións docentes onde o traballo en equipo ten que ser unha constante.

Así, o desenvolvemento da Programación Didáctica de Centro require tanto procesos de formación e elaboración reflexiva e intelectual por parte do seu equipo docente, como diversas formas de traballo cooperativo. Estas formas deben ser respectuosas coa diversidade dos profesores e profesoras, pero xeradoras de ilusión por colaborar nun proxecto común ao que cada un lle achega o seu mellor saber facer profesional e aprende e comparte o saber facer con outros compañeiros e compañeiras.

O currículo de cada Centro non se limitará ás competencias clave, aínda que as inclúa. no currículo haberá competencias clave fundamentais e outras que non o serán tanto para que cada alumno poida desenvolver ao máximo as súas potencialidades a partir dos Estándares de aprendizaxe propios de cada materia. Ademais, no ámbito do Bacharelato deberemos prestarlles unha especial atención ás competencias e capacidades máis relevantes para o posterior desenvolvemento académico e, se é o caso, laboral do alumnado.

O desenvolvemento de competencias vai acompañado dunha práctica pedagóxica esixente tanto para o alumnado como para o profesorado. Para o alumnado, porque se ebe implicar na aprendizaxe e debe adquirir as habilidades que lle permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que vive, construír a súa identidade persoal, interactuar en situacións variadas e continuar aprendendo.

Para o docente, porque terá que despregar os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os Estándares de aprendizaxe propios da materia incluíndo o desenvolvemento das Competencias Clave, e poder alcanzar así os obxectivos do currículo. Non obstante, a pesar de que as competencias teñen un carácter transversal e interdisciplinar respecto ás disciplinas académicas, isto non ten que impedir que desde cada materia se determinen aprendizaxes específicas que resulten relevantes na consecución de competencias concretas.

A docente deberá buscar situacións próximas aos alumnos para que estes poidan aplicar en diferentes contextos os contidos dos catro saberes que conformen cada unha das competencias (saber, saber facer, saber ser e saber estar). Así mesmo, creará contextos e situacións que representen retos para os alumnos; que os inviten a cuestionarse os seus saberes actuais; que os obriguen ampliar a súa perspectiva e a contrastar os seus pareceres cos dos seus compañeiros, a xustificar e a interpretar con rigor, etc.



Para traballar as competencias clave relacionadas co dominio emocional e as habilidades sociais terán un especial protagonismo as actividades de planificación e execución de tarefas en grupo que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións.

A forma de avaliar o nivel de competencia alcanzado será a través da aplicación dos coñecementos e as habilidades traballadas. Agora ben, as competencias supoñen un dominio completo da actividade en cuestión; non son só habilidades, aínda que estas sempre estean presentes. Polo tanto, ademais das habilidades, teranse en conta tamén as actitudes e os elementos cognitivos.

No marco da súa Programación Didáctica os centros teñen que precisar en cada Curso os obxectivos que garanten as competencias clave, segundo o currículo, asumilo como obxectivos de centro e determinar a participación de cada unha das áreas do currículo na consecución das competencias



5. METODOLOXÍA. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

5.2. RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZATIVOS

Recursos Didácticos

Para cada tema os Recursos Didácticos dos que se dispón son os seguintes:

1. Libro do Alumno e da Alumna. No caso do IES San Clemente e do ensino a distancia de adultxs que se imparte, non é preciso, xa que contamos coas guías electrónicas, así como con moitos medios telemáticos. A pesar diso e a maiores. Se recomenda algunha bibliografía específica para quen precise consultala.

O Libro do Alumno e da Alumna para a materia de Historia da Arte consta de 12 temas.

2. Recursos Didácticos

Enderezos da Internet. Cada tema dispón de enderezos da Internet que serven para reforzar e complementar os contidos, habilidades e competencias traballadas en cada tema.

Actividades de Avaliación Inicial. Unha páxina de actividades deseñadas para avaliar os coñecementos previos do alumnado antes de iniciar o estudo de cada un dos temas.

Actividades de Reforzo e Ampliación. Unha páxina de actividades de reforzo e outra de ampliación permiten consolidar os coñecementos dos contidos do tema e ampliar algúns aspectos importantes.

Actividades de Avaliación Final. Unha proba estruturada en dez preguntas seguindo modelos propios do Bacharelato que permiten avaliar a adquisición dos coñecementos traballados ao longo de cada unidade. No caso noso, teñen probas continuas, na Guía electrónica, de autoavaliación, así como algunhas de achegamento á titoría, marcadas pola profesora.

Recursos Organizativos

A organización dos recursos materiais e persoais son un elemento básico para facer posible o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe-ensinanza. Algunhas das decisións máis relevantes no uso dos recursos didácticos e organizativos serán:

Establecer os mecanismos de coordinación de responsabilidades educativas (os instrumentos, os espazos e tempos de dita coordinación). Estableceranse as responsabilidades da comisión de coordinación pedagóxica, dos departamentos didácticos e dos equipos docentes en todas as medidas de atención á diversidade.

Definición dos principios xerais sobre metodoloxía e didáctica (tal como vimos na sección anterior).

Definición dos criterios para a asignación dos espazos e para a distribución dos tempos na organización das medidas de atención á diversidade.

En relación coa organización dos espazos: atenderanse tanto os procesos educativos que favorecen a individualización da aprendizaxe como aqueles que son máis socializadores. Primeiro, en relación cos espazos comúns (corredores, patios, aseos,



biblioteca, aulas de usos múltiples, laboratorios...) procurarase que sexan accesibles para todos os alumnos que presenten deficiencias de calquera tipo... Segundo, o interior da aula habitual deberá facilitar a realización dunha diversidade de actividades. O mobiliario será adaptado, lixeiro e funcional..

Establecer os criterios para a organización e a selección dos materiais curriculares e outros recursos didácticos. En relación coa organización dos materiais curriculares para o alumnado (libros cartografías, material de laboratorio, instrumentos musicais, material para educación física...) deben terse en conta algúns criterios como: uso compartido por todos os alumnos e alumnas, que non sexan discriminatorios, que non sexan prexudiciais para o medio ambiente...

En relación cos materiais curriculares para o profesorado: deben ser recursos útiles e prácticos para a elaboración e o desenvolvemento do proxecto curricular, e para a elaboración das programacións de aula. Debe terse en conta que estes materiais respecten a pluralidade de opcións didácticas que pode seguir o profesorado...



5. METODOLOXÍA. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

5.3 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Podemos definir as actividades complementarias e extraescolares como aquelas que contribúen de forma importante ao desenvolvemento integral da personalidade do alumno e constitúen un campo específico para a iniciativa e a capacidade de organización do Centro.

As actividades complementarias e extraescolares deben considerarse como accións complementarias que teñen como finalidade primordial, propiciar o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno, para cuxo fin é imprescindible que transcendan o ámbito puramente académico estendendo a acción formativa dos alumnos ata o medio en que o Centro Educativo se ache inserto e incidindo nos seus aspectos económicos, culturais, sociolaborais, etcétera, polo que non deben enfocarse como actividades imprescindibles para a consecución dos obxectivos específicos asignados ás determinadas materias, senón como un complemento da acción instrutiva e formativa destas.

No ámbito do Bacharelato as actividades extraescolares serán, ademais, unha ferramenta de grande utilidade para aproximar o alumnado a diferentes aspectos da vida social, académica e laboral. Constituirán, neste sentido, un ámbito ideal para que o alumnado anticipe, se aproxime ou reflexione sobre algúns dos seus proxectos de vida ou posibles vocacións.

Prestarémolles, por isto, especial atención ás actividades complementarias que poidan aproximar o alumnado a novos ámbitos académicos ou laborais. Tamén potenciaremos o uso das actividades complementarias como medio para favorecer a socialización do alumnado e a cohesión do grupo-clase.

Os obxectivos para conseguir coa realización de actividades complementarias e extraescolares son:

Favorecer o desenvolvemento persoal dos alumnos e o seu acceso ao patrimonio cultural, sen discriminación ningunha por razóns de sexo, raza, capacidade ou orixe social.

Adaptarse ás peculiaridades e intereses individuais dos alumnos.

Responder ás esixencias dunha sociedade democrática, complexa e tecnificada.

Compensar as desigualdades sociais, culturais ou por razón de sexo, sen incorrer no favoritismo, pero tendo en conta as diversas capacidades dos alumnos.

Familiarizar o alumnado con distintos ámbitos relativos á vida académica, social ou laboral.

Preparar a inserción na vida activa, para o desempeño das responsabilidades sociais e profesionais propias da existencia adulta.

Considéranse actividades extraescolares nos centros públicos de ensinanza, sinalando algúns aspectos que as caracterizan:

Completan a formación mínima que deben recibir todos os cidadáns e cidadás.

Son actividades que non poden formar parte do horario lectivo, é dicir, do horario que comprende a xornada escolar, incluídos os períodos de descanso que se establecen entre dúas clases consecutivas.



Teñen carácter voluntario, polo que ningún alumno pode ser obrigado a asistir a ditas actividades.

Non forman parte do proceso de avaliación individual polo que pasa o alumnado para a superación das distintas ensinanzas que integran os plans de estudos, aínda que o proxecto debe ser avaliado como parte do plan anual de actuación do centro educativo.

Non poden constituír motivo nin medio de discriminación ningunha para ningún membro da comunidade educativa.

Non poden ter carácter lucrativo.

No IES San Clemente e nesta modalidade de ensino, é bastante difícil e complicado facer algunha actividade extraescolar, a pesar diso, a profesora, sempre pon a disposición do alumnado facer algunhas visitas presenciais a exposición puntuais, ou achegamento ás obras arquitectónicas do entorno no que vive o alumnado.



6. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

6. 2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Bacharelato será diferenciada segundo as distintas materias do currículo.

A Avaliación a través de Probas escritas.

Tal e como está estruturado esta modalidade de ensino, consideramos que no es factible facer Avaliación continua, dado que facer un seguimento sistemático do alumnado, é dicir, tomar en consideración todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, investigacións, actitude ante a aprendizaxe, precisión na expresión, autoavaliación...sereía difícil e complicado. Aínda así tratase de ter a maior relación posible co alumnado a través de exercicios puntuais que, aínda que non serán avaliábeis, si configuran os coñecementos que poden ir adquirindo e o xeito de desmostralos.

No que respecta á Avaliación a través de probas escritas, o Proxecto Didáctico incorpora unha serie de Probas que facilita a Avaliación do alumnado:

As Avaliacións Iniciais, nas que valoraremos os coñecementos previos que se teñen sobre cada un dos aspectos avaliados antes de iniciar un tema ou unidade didáctica valorando se: son suficientes, se deben mellorar ou se descoñecen.

As Avaliacións Finais que permitirán realizar unha avaliación dos coñecementos que o alumnado adquiriu ao concluír cada unha das unidades.

En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

A Avaliación realizarase igualmente a través dos Criterios de Avaliación e os Estándares de Aprendizaxe que a docente poderá avaliar a través da Rúbrica de Avaliación que este Proxecto Educativo facilita no apartado 6. 1. *Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe*. Igualmente poderemos levar a cabo unha Avaliación Competencial a partir da rúbrica proposta no apartado 4.4 *Avaliación das competencias clave*.

non se contempla a avaliación continua, co cal será necesario superar todas e cada una das probas .

O grao de adquisición dos obxectivos a alcanzar tanto respecto dos Estándares de Aprendizaxe como das Competencias Clave valorarase, á súa vez, a partir de catro niveis de logro:

LOGRO – NIVEL 1: Logro non alcanzado.

LOGRO – NIVEL 2: Logro básico.

LOGRO – NIVEL 3: Logro medio.

LOGRO – NIVEL 4: Logro avanzado.

No que se refire aos criterios de cualificación e promoción da materia devandita , a avaliación farase tendo en conta os resultados obtidos nos exames propios de cada trimestre (ou de xuño e setembro se fose preciso), e fixados a tal efecto pola Xefatura de Estudos.



Realizarase unha proba escrita por avaliación e un exame final en xuño. Aqueles alumnos e alumnas que non acaden unha avaliación positiva en xuño serán examinados de toda a materia no mes de setembro.

No exame final de xuño, o alumnado examínase das avaliacións non superadas durante o curso. Na proba de setembro terá que facelo de toda a materia.

Será posible superar o curso por avaliacións, cunha única avaliación suspensa, sempre que a nota desta sexa mínima dun 4 e a suma das cualificacións obtidas nas 3 avaliacións do curso sexa 15 ou superior.

Para superar a materia no exame final a nota mínima será de 5 puntos sobre 10. Na convocatoria de setembro, como xa se sinalou con anterioridade, o alumnado deberá examinarse da materia completa.

No caso de suspender unha avaliación ou máis, deberán ir ao exame final onde recuperarán as pendentes ou non presentadas, na convocatoria ordinaria de Maio. Para a convocatoria extraordinaria de Xuño (ate antes Setembro que a substitúe) non se gardarán notas parciais, senón que a materia será obxecto de exame global e será puntuada sobre un 10 numérico seguindo as pautas marcadas anteriormente, tendo o exame as mesmas características que os parciais xa comentados.



4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave (CC)

A LOMCE, fixa tamén para a etapa do Bacharelato, unha serie de competencias clave que o alumno/a debe seguir traballando logo do seu paso pola educación secundaria obrigatoria, a fin de acadar a súa plena consecución. Polo tanto, consideramos preciso o seu reforzo a fin de afondar neste obxectivo.

Posto que estamos a falar dunha modalidade de educación a distancia, o traballo destas competencias, vai supor a adopción de metodoloxías novidosas e orixinais que posibiliten ao alumnado a súa plena capacitación. A continuación expóñense unhas liñas de traballo en cada unha das competencias. Para posteriormente, no apartado seguinte, relacionar estas competencias con cada un dos estándares das unidades didácticas.

1. Comunicación lingüística (CCL). Traballarase a través do tratamento de fontes bibliográficas presentes na biblioteca do centro, en Internet, revistas ou xornais. Así mesmo, traballando a correcta estruturación sintáctica e a corrección ortográfica nos comentarios de láminas artísticas. Utilización de Textos que aporten sentido aos diferentes estilos artísticos (Dez libros de arquitectura de Vitrubio/ Surrealismo, André Breton ...) Definir termos artísticos. Expresar correctamente, de forma oral e escrita, ideas propias e relacionadas co coñecemento da Historia da Arte

2. Matemática e ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Mediante a análise e comentario de obras de arte configuradas en base a criterios matemáticos. Obras arquitectónicas, escultóricas e pictóricas onde a linguaxe matemática xogue un papel fundamental. Estudando conceptos como: proporcionalidade, canon, relación entre as partes e o todo, correccións ópticas e matemáticas, cadros divididos en retículas e formas xeométricas.

3. Dixital (CD). Especialmente presente nesta modalidade de educación a distancia, xa que practicamente todo o traballo diario e a interacción alumnos/profesor, realízase a través da aula virtual. O manexo correcto e fluído desta ferramenta, requirirá dunha supervisión e asesoramento continuo por parte do profesor/titor. Traballaremos diariamente cos recursos informáticos e audiovisuais da propia aula virtual e outras TICs presentes no centro.

4. Aprender a aprender (CAA). Traballaremos esta competencia mediante a síntese de datos a través da elaboración de cadros resumo, táboas, esquemas conceptuais ou liñas de tempo. Procuraremos especialmente a formación crítica á hora da de realizar unha busca selectiva de información na rede.

5. Sociais e cívicas(CSC). Relacionaranse os contidos da materia con acontecementos ou fenómenos relevantes e identificables da realidade cotiá. A importancia do mantemento e conservación do patrimonio artístico-cultural e as súas funcións sociais. Tamén realizaremos reflexións e xuízos razoados ou debates sobre feitos que se poden incluír no campo de estudo da arte (concepción da arte nun momento histórico, novas formas de arte, piratería e dereitos de autor...)

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Apóstase polo desenvolvemento autónomo e independente do alumnado a partir do manexo da súa propia capacidade de aprendizaxe a través da aula virtual. Xerando pautas de responsabilidade e autocontrol do seu propio proceso de aprendizaxe. Favorecerase así mesmo, o desenvolvemento de experiencias innovadoras a través dos recursos de interacción e comunicación que posibilita a aula virtual do centro.



7. Conciencia e expresións culturais (CCEC). Especialmente presente nesta materia. Traballaremos as concepcións artísticas de cada momento histórico así como a actual visión que existe nunha ou outra sociedade sobre os artistas e a arte en xeral. Prestaremos tamén unha especial atención ao caso galego, reflexionando sobre o panorama artístico e actualidade da arte en Galicia.

HISTORIA DA ARTE: CONCRECIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

A aprendizaxe da Historia da Arte centrarase no desenvolvemento dos seguintes obxectivos competenciais para cada unha das competencias:

Conciencia e expresións culturais

- Desenvolver a sensibilidade estética e valorar a beleza das diferentes manifestacións artísticas ao longo da historia.
- Aprender a recoñecer, mediante a análise de obras seleccionadas, as características das principais manifestacións artísticas da historia da arte, desde a antigüidade até a contemporaneidade.
- Valorar as distintas funcións que tivo a arte ao longo da historia, desde a Antigüidade clásica á actualidade.
- Identificar a herdanza das diferentes tradicións precedentes no xurdimento dun novo estilo artístico.
- Apreciar a diversidade artística nun mesmo período cronolóxico.
- Comprender a necesidade de protexer e conservar o patrimonio artístico, e desenvolver unha actitude activa en relación coa protección e a conservación do patrimonio artístico.
- Cultivar o sentido estético e a capacidade de emocionarse ante as obras de arte.
- Valorar a creatividade e a experimentación constante en determinados períodos da historia.
- Identificar e valorar os elementos positivos contidos ao longo da historia da arte.
- Tomar consciencia da relevancia dos coñecementos artísticos para o desenvolvemento dunha cultura propia ampla.
- Ser consciente das relacións operadas ao longo da historia entre contexto histórico e desenvolvemento de tendencias e movementos artísticos.
- Comprender o sentido social, político e/ou cultural que a arte xogou en diferentes momentos da historia humana.
- Valorar a relevancia e necesidade de coñecer e apreciar o legado artístico da humanidade.

Competencias sociais e cívicas

- Identificar o sentido social, político ou relixioso de determinados movementos e tendencias artísticas ao longo da historia.
- Expresarse e relacionarse de xeito correcto no marco de grupo a propósito do estudo das obras de arte.
- Erradicar os usos discriminatorios da linguaxe ao referirse a producións artísticas concretas, detectando prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo.
- Realizar actividades en grupo para a análise de obras artísticas extraendo ensinanzas das achegas realizadas por outras persoas.
- Aplicar os coñecementos adquiridos no ámbito da historia da arte a unha mellor convivencia en sociedade.



- Expresarse de forma asertiva e amosar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.
- Valorar a reflexión estética e as diferentes teorías e propostas artísticas respectando os criterios dos seus creadores ou creadoras.
- **Introducir a perspectiva de xénero en todas e cada unha das manifestacións artísticas, as mulleres como suxeito activo das mesmas**

Comunicación lingüística

- Describir e analizar obras de arte utilizando a terminoloxía propia da historia da arte.
- Recoñecer o vocabulario específico para nomear os principais elementos e técnicas de obras arquitectónicas, escultóricas e pictóricas.
- Comprender e compor textos como medio para optimizar a aprendizaxe e reflexión sobre o desenvolvemento das diferentes manifestacións e estilos artísticos na historia.
- Familiarizarse co léxico propio da área e entender as diferentes acepcións dun mesmo termo en función do contexto histórico no que se emprega.
- Definir conceptos usando a linguaxe específica da área.
- Comunicarse argumentando as ideas propias e respectando as quendas de palabra dentro dun grupo.
- Expor opinións de forma argumentada ao longo dun debate.
- Recorrer ao uso activo de mecanismos que permiten a ampliación e a consolidación do vocabulario.
- Aprender a recoñecer o significado dun termo a partir do seu contexto.
- Valorar a lingua no seu correcto uso como instrumento básico de reflexión e desenvolvemento persoal.

Competencia para aprender a aprender

- Identificar os elementos de contido e forma presentes nas obras de arte.
- Identificar similitudes e diferenzas entre obras de arte e movementos ou tendencias artísticas diversas.
- Analizar a orixe e desenvolvemento dos diferentes movementos e tendencias artísticas ao longo da historia da arte.
- Contrastar os coñecementos, criterios e percepcións propias coas expresadas no texto sobre as obras de arte e os movementos e tendencias artísticas estudados.
- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Confrontar as propias opinións ou coñecementos con outras fontes de coñecemento ou opinión.
- Formular interrogantes e achegar respostas propias a preguntas sobre o contido estudado.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Expresar opinións propias sobre o contido, a forma e a técnica empregada en diferentes obra de arte.
- Identificar e comentar as relacións existentes entre as obras de arte e movementos artísticos e o contxto no que estes xorden e se desenvolven.
- Analizar e propor interpretacións diversas sobre obras de arte, esculturas, obras de arquitectura ou temas urbanísticos ao longo da historia da arte.
- Propor interpretacións posibles ao contido das obras estudadas.
- Realizar pequenas investigacións de forma autónoma.



- Analizar criticamente os propios valores, prexuízos e opinións en canto a contidos específicos.

Competencia dixital

- Analizar de forma crítica a información recibida a través dos medios de comunicación e da Internet.
- Aplicar coñecementos, habilidades propias da historia da arte para a procura e selección de información en medios dixitais e informáticos.
- Proporcionar coñecementos e destrezas para a procura de información relevante.
- Recorrer a soportes electrónicos no proceso de escritura.
- Adquirir habilidades para a reutilización da información na análise de contidos artísticos.
- Utilizar adecuadamente as bibliotecas e a Internet.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e en tecnoloxía

- Identificar diferentes formas de entender a historia da arte e o seu desenvolvemento en relación á técnica e ao contexto histórico económico e político ao longo da Historia.
- Valorar a aplicación de procedementos de análise propios da ciencia, as matemáticas ou a tecnoloxía para o estudo da historia da arte.
- Desenvolver actitudes de interese polo coñecemento de diferentes materias e ciencias a través da lectura e apreciación de temas artísticos.
- Analizar, comprender e transmitir información relativa a diferentes ámbitos da historia da arte onde incidan elementos propios do desenvolvemento das ciencias naturais, a industria ou a tecnoloxía.
- Estudar en obras clásicas ou influenciadas polo mundo clásico proporcións, así como nos patróns xeométricos utilizados nalgúns sistemas de decoración, cánones, esquemas compositivos, dimensións, e relacións entre as partes e entre as partes e o todo.
- Reflexionar sobre ao valor que algúns cadros acadaron nos últimos anos nos mercados de subastas, e avaliar a relación entre a calidade artística da obra e o seu valor económico, social ou político.



5. Temporalización

A secuencia de contidos organízase en 12 unidades didácticas que dividiremos de xeito equilibrado ao longo do curso. A temporalización establécese da seguinte maneira:

Primeiro trimestre: Temas 1, 2, 3 e 4

Segundo trimestre: Temas 5, 6, 7 e 8

Terceiro trimestre: Temas 9, 10, 11 e 12

1ª Avaliación	1ª Quincena (25/9 – 9/10)	A arte da antigüidade clásica. Grecia e Roma
	2ª Quincena (9/10 – 23/10)	A arte paleocristiá, bizantina, prerrománica e islámica
	3ª Quincena (23/10 - 6/11)	A Arte Románica
	4ª Quincena (6/11 – 20/11)	A Arte Gótica
2ª Avaliación	1ª Quincena (24/11 – 8/12)	O Renacemento
	2ª Quincena (8/12 – 20/12)	O Renacemento en España e Europa
	3ª Quincena (22/12 – 5/1)	O Barroco
	4ª Quincena (19/1 – 2/2)	A arte ao final do Antigo Réxime. Rococó e Neoclasicismo. a pintura de Francisco de Goya.
3ª Avaliación	1ª Quincena (9/2 – 23/2)	A Arte do século XIX
	2ª Quincena (23/2 – 9/3)	A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX.
	3ª Quincena (9/3 – 23/3)	A arte no noso tempo: universalización da arte
	4ª Quincena (23/3 – 6/4)	O patrimonio artístico e a súa conservación. A arte e a cultura visual de masas. Tendencias actuais en Galicia.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO SAN CLEMENTE
Rúa San Clemente s/n. 15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 0034 881 867 501 - Fax: 0034 881 867 538
www.iessanclemente.net - ies.sanclemente@edu.xunta.es





7. Criterios de avaliación xerais

Os criterios de avaliación xerais desta materia para o curso 2018/2019 e para cada unha das unidades son, os seguintes:

1. A arte da antigüidade clásica. Grecia e Roma

1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural.
2. Explicar a función social da arte grega, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.
3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural.
5. Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.
6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.
8. Respetar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que cómpre conservar.

2. A arte paleocristiá, bizantina, prerrománica e islámica

1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural.
2. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural.
3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte bizantina, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.
5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica e gótica española e hispano-musulmá, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

3. A Arte Románica

1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, en relación co seu contexto histórico e cultural.
2. Explicar a función social da arte románica, especificando o papel de clientes e artistas, e as relacións entre eles.
3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte románica, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte medieval española, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
5. Respetar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.



4. A Arte Gótica

1. Achega do Gótico: expresión dunha cultura urbana. A catedral e a arquitectura civil. Modalidades escultóricas. Pintura italiana e flamenga, orixe da pintura moderna.
2. Función social da arte gótica.
3. Comentario de obras de arte gótica.
4. Comentario de obras de arte medieval española.
5. Traballo de investigación sobre historia da arte.
6. Conservación do patrimonio: arte medieval.

1. Renacemento

1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.
2. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.
3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que abranca diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

6. O Renacemento en España e Europa

1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.
2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Renacemento, aplicando un método que abranca diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que abranca diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

7. Barroco

1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.
2. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.
3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Barroco, aplicando un método que abranca diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.
5. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Barroco, aplicando un método que abranca diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

8. A arte ao final do Antigo Réxime. Rococó e Neoclasicismo. a pintura de Francisco de Goya.

1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do século XVIII, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.



2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do século XVIII, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

3. Respetar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.

4. Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores.

5. Clasificar, analizar e comentar obras significativas de Goya, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

9. A Arte do século XIX

1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

4. Explicar a evolución cara á independencia dos artistas respecto aos clientes, especificando o papel desempeñado polas academias, os salóns, as galerías privadas e os marchantes.

5. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

6. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da escultura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da escultura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

8. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.

9. Respetar as creacións da arte do século XIX, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.

10. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX.

1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura da primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.



4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

5. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais coma as novas tecnoloxías.

6. Respetar as manifestacións da arte da primeira metade do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se sustenta a liberdade creativa actual.

11. A arte no noso tempo: universalización da arte

1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura desde a segunda metade do século XX, enmarcándoa nas novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan ao mundo actual.

2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas desde a segunda metade do século XX, no marco das novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan o mundo actual.

4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

12. O patrimonio artístico e a súa conservación. A arte e a cultura visual de masas. Tendencias actuais en Galicia.

1. Explicar o desenvolvemento e a extensión dos novos sistemas visuais, como a fotografía, o cine, a televisión, o cartelismo ou o cómic, especificando o modo en que combinan diversas linguaxes expresivas.

2. Describir as posibilidades que abriron as novas tecnoloxías, e explicar os seus efectos tanto para a creación artística como para a difusión da arte.

3. Identificar a presenza da arte na vida cotiá, e distinguir os ámbitos en que se manifesta.

4. Respetar as manifestacións da arte de todos os tempos, valorándoas como patrimonio cultural herdado que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras, e explicar que é o Patrimonio Mundial da UNESCO, así como a súa orixe e a súa finalidade.

- Criterios de Cualificación

Son as normas incluídas na programación da materia onde se especifica que porcentaxes se terán en conta para a configuración da nota do alumno/a.

Neste caso, e posto que estamos a falar dunha modalidade de Bacharelato semipresencial, o 100% da nota virá dado pola cualificación obtida nos exames oficiais de cada trimestre.

É condición fundamental aprobar as tres avaliacións para superar a materia. De non as superar algunha delas haberá unha proba final para recuperar a/as avaliacións suspensas. Os alumnos/as suspensos nesa proba terán que recuperar toda a materia en Xuño.

No caso de suspender unha avaliación ou máis, deberán ir ao exame final onde recuperarán as pendentes ou non presentadas, na convocatoria ordinaria de Maio.



Para a convocatoria extraordinaria de Xuño non se gardarán notas parciais, senón que a materia será obxecto de exame global e será puntuada sobre un 10 numérico seguindo as pautas marcadas anteriormente, tendo o exame as mesmas características que os parciais xa comentados.

O modelo de exame será igual para tódalas probas (mesmo tipo de preguntas). Subirase un modelo á aula virtual para que teñades unha referencia.

Como o alumnado dispón dunha plataforma educativa na que pode traballar e unha guía electrónica de contidos, as actividades realizadas polo alumnado e enviadas á profesora da materia NON son avaliábeis, pero no caso de ter unha avaliación cun mínimo de 4 e as outras superadas, podería contar positivamente para conformar a nota da avaliación.

Os contidos que se amplíen, elaborados pola profesora e publicados nos apuntamentos para facilitar o estudo do alumnado entrarán na avaliación correspondente, non só os que figuran na guía electrónica. Sempre estas ampliacións que facilitan o traballo ao alumnado serán complementarios e NON substitúen ao manexo da guía.

O modelo de exame constará de:

- Comentario de dúas obras/láminas de arte. Deberá conter as seguintes partes:

- a). *Presentación/Identificación da obra, autor, época, estilo...***
- b). *Contexto histórico no que se produciu a obra***
- c). *Análise técnica, formal e temática da obra***
- d). *Conclusión e influencias. Proxección cara o futuro***

- **Definición dunha serie de termos/conceptos clave da Historia da Arte que poden consultarse nun vocabulario adxunto dispoñible na aula virtual.**

- Criterios de promoción

Engadir que con respecto aos criterios de promoción a materia está rexida polos adoptados polo Departamento, nos que a alumna ou o alumno ten que ter superadas **cun 5 numérico** ou máis cada unha das avaliacións para consideralas superadas; **de non ser así a alumna ou alumno terá que facer un exame final no que repetirá as avaliacións que teña pendentes ou non presentadas polo motivo que sexa.**

Se aínda así, a nota é de suspenso no exame final de curso, terá que ir con toda a materia en Xuño, na convocatoria extraordinaria.

8. Liñas metodolóxicas xerais

Tendo en conta as características da ensinanza a distancia supón en canto ao contacto co profesor/a-alumnos/as, debemos empregar unha metodoloxía apropiada a este tipo de ensino, xa que a práctica totalidade da materia traballárase a distancia, coa excepción das clases presenciais e posibles actividades complementarias ou extraescolares.¹

A profesora empregará as clases presenciais (no curso 20-21 nas gravacións) para explicar aqueles aspectos máis complexos, así como a realización dos exercicios prácticos e para aclarar as dúbidas do alumnado. O alumnado pode consultar as dúbidas que lle vaian xurdindo por distintas vías: telefonicamente, mediante correo electrónico, mediante correo ordinario ou mediante a solicitude de titorías web. É importante tamén que o alumnado consulte periodicamente durante o curso a páxina

¹ Engadir que no curso actual 20-21 e por mor da Pandemia do Covid 19, non existen as titorías presenciais, substituídas por gravacións semanais e atención en titorías web cando o alumnado o precise e solicite.



web do centro, xa que é o medio que a profesora ten para transmitir calquera información adicional ou modificación dos contidos da materia.

A materia está formada por dous aspectos inseparables á hora de estudar. Un **aspecto teórico**, no que o alumnado terá que estudar as unidades didácticas das guías da aula virtual, e un **aspecto práctico**, que non poden descoidar, aspecto este que comprende a **elaboración, e sobre todo, interpretación e comentario de obras de arte, láminas artísticas, que serán obxecto de exame a través dun comentario de acordo cun guión presente na aula virtual para facilitar a súa consulta polo alumnado.**

Debemos ter en conta a posibilidade de que algúns alumnos se presente ás novas probas de Acceso á Universidade, a antiga Selectividade, para aqueles e aquelas que desexen seguir estudos universitarios. Polo tanto, programaremos actividades e exercicios similares en función do rexistro histórico destas probas. Por tal motivo, as probas escritas que se van realizar, serán, como vimos anteriormente, semellantes a aquelas que dan acceso á educación Superior.

A metodoloxía a través da aula virtual é similar para tódalas unidades. No comezo de cada unidade didáctica preséntanse os obxectivos a conseguir, unha axenda que lles vai guiar polo tema e un esquema. Ao final teñen un resume do mesmo. Tamén deberán considera o estudo do vocabulario . Terán que coñecer **definicións de termos conceptuais. Así que, co fin de facilitar o estudo, proporciónaselle un vocabulario básico con aqueles conceptos esenciais precisos para manexar a materia** na primeira unidade do curso..

Proporemos, a través da aula virtual, a elaboración de exercicios que axuden a afianzar os conceptos e procedementos da materia. Estes exercicios terán carácter voluntario e unha vez corrixidos serán devoltos ao alumnado.

As **actividades** que se elaborarán van ser de diferentes tipos, tendo **preponderancia o comentario e contextualización de obras artísticas.**

A súa complexidade debe ser variada para garantir a atención á diversidade, especialmente presente neste tipo de educación. **Atención a diversidade** que non debemos entender como só para aqueles alumnos e alumnas con dificultades, senón tamén para aqueles con maiores capacidades. Neste senso, **traballaremos en coordinación co equipo de orientación, quen fará unha análise e valoración dos casos máis complexos que se presenten.**

9. Medidas de atención á diversidade

Posto que estamos en 2º de Bacharelato, as medidas de atención á diversidade, deberán responder a etapa de maduración na que se atopa o alumnado. Nesta modalidade do Bacharelato a distancia, pola súa particular metodoloxía e facilidades en canto a compatibilidade de horarios con outras actividades, soe haber unha gran diversidade na tipoloxía do alumnado. Debemos ter en consideración, xa dende o primeiro momento, este feito, aínda recoñecendo a dificultade de analizar e valorar xustamente unha diversidade á que se debe responder, na maioría dos casos, dende a distancia.

Así pois, e cando sexa preciso, procuraremos adaptar certos obxectivos iniciais que nos propuxemos, realizar adaptacións na secuenciación, ampliar o abano de recursos e materiais ou tentando ofrecerlle unha atención máis personalizada aos casos que a requiran.

As Guías Didácticas coas que traballaremos, veñen complementadas con actividades moi diversas. Deste modo, poderemos deseñar estratexias de ensino-aprendizaxe adaptadas ao nivel da multitude de alumnado diverso que temos.



Para conseguir que a diversidade non sexa un obstáculo, intentaremos desenvolver a autonomía progresiva dos alumnos a partir do manexo dos recursos que ofrece a aula virtual. Recursos que se poderán complementar con outros dispoñibles na rede e que faciliten a interacción e comunicación alumnado/profesora.

As actividades de reforzo aparecerán fundamentalmente ao final de cada Tema, no que se propoñen algunhas actividades que van dirixidas a reafirmar conceptos e procedementos. Cada tema rematará tamén cun resumo que pode facilitar o seu estudo.

Como xa dixemos, **a atención á diversidade fórmase en Bacharelato de modo diferente á ESO, tendo en conta que se trata dun nivel de ensino non obrigatorio e de orientación maioritaria, aínda que non exclusiva, cara á Universidade.** Non obstante cabe establecer certo grao de flexibilidade. Tanto **conceptos como procedementos poden tratarse con distinto grao de dificultade e esixencia, desde un nivel máis elemental, que correspondería aos contidos mínimos, a un maior afondamento e ampliación.**

Os conceptos, á vez que se tratan cun nivel de afondamento importante, propio dun segundo curso de Bacharelato, organízanse de xeito claro e estruturado, de modo que é posible a súa lectura a distintos niveis de profundidade e resultan doadamente esquematizables.

Os procedementos trabállanse mediante actividades distintas e con diferente grao de dificultade: unhas elementais, outras máis complexas e algunhas de ampliación, que permiten tamén atender á diversidade. En todo caso, debemos seleccionalas e decidir o nivel de dificultade que presentan en función das características do noso alumnado.

Podemos adoptar unha serie de medidas para facilitar o reforzo como son: darlle diferentes tempos de realización das actividades en función dos distintos ritmos de aprendizaxe (existe na aula virtual, un calendario editable onde se pode recordar e estruturar a entrega de actividades)

Por outra banda, podemos consolidar unha proposta de actividades abertas, nas que cada alumno-a acade unha meta máis ou menos dificultosa segundo as súas capacidades,

Propoñemos tamén a utilización de diferentes materiais e recursos segundo as necesidades que vaian aparecendo, adoptando diferentes enfoques á hora de traballar os estándares de aprendizaxe. É dicir, poderanse traballar mediante diferentes actividades e en función das necesidades de cada alumna-o.

O Bacharelato semipresencial a distancia ten unhas peculiaridades propias. Isto fai que, aínda que sexamos conscientes da **diversidade** do alumnado matriculado nesta ensinanza (disposición horaria, idade, tempo que pasou dende que realizou os seus últimos estudos regrados, motivación, discapacidades, etc.), o escaso contacto presencial, unido á chegada de novo alumnado matriculado até datas moi próximas á realización da primeira proba escrita no primeiro trimestre, fai que sexa moi difícil traballar a diversidade específica das alumnas/os. Con todo, na planificación, recóllense uns contidos mínimos que nos poden ser útiles de cara a gradación dos diferentes ritmos de aprendizaxe que abrangan unha variedade tal que permita traballar co alumnado para acadar os aspectos mínimos do currículo.

10. Materiais e recursos didácticos

O alumnado ten todo un abano amplo de recursos ao seu dispor na Aula Virtual. Destacamos **a importancia das Guías electrónicas** e outros recursos como: fichas de



obras de arte aportadas pola profesora, modelos de comentario, guións para o comentario de arquitecturas, esculturas e pinturas ou enlaces a páxinas ou blogs.

Os recursos dixitais da aula virtual, poderán complementarse con referencias bibliográficas a medida que avance o curso e segundo as características do alumnado, atendendo ás súas necesidades e diversidade. Así pois, poderán utilizarse recursos da biblioteca e calquera outro material artístico, especialmente pensado para as clases presencias.

Non hai libro de texto, aínda que se indicarán para aqueles alumnos/as que así o soliciten, unha serie de manuais de referencia, así como unha bibliografía de referencia para quen o desexe.

11. Temas transversais

A Historia da arte é unha disciplina que polos seus valores intrínsecos ten un **elevado potencial para contribuír á formación integral do alumnado, incluíndo, pola súa índole humanística, a maioría dos contidos transversais como parte do seu currículo.**

Nese sentido, a análise da obra de arte, sempre que se despegue da materialidade da obra, da súa aparencia formal e a transcenda, **atoparase co espírito da sociedade que a produciu, coa súa mentalidade, coas súas formas de vida e pensamento e, mediante a análise crítica e respectuosa deses valores, ou deses desvalores, estaremos a contribuír á formación das mozas e dos mozos en aspectos tales como:**

a educación moral e cívica, a educación para os dereitos humanos e a paz, para a igualdade entre os sexos, para a educación ambiental...

É aconsellable nestes temas, un **tratamento cotián ao fío do traballo dos demais contidos;** relacionando, sempre que veña ao caso, os conceptos e as situacións que van xurdindo á longo do curso cos contidos transversais. Trátase dunha postura vital do profesorado, desde o convencemento pleno deses temas como valores irrenunciabes, e dunha chamada de atención permanente sobre esas cuestións, sen que iso supoña unha renuncia a tratalos de forma exclusiva cando a situación o requira.

Esta é unha tarefa que cada profesor ou profesora sabe facer e resulta case imposible dar pautas xerais. No entanto, é bo volver lembrar que **a Historia da arte, pola súa propia epistemoloxía, préstase admirablemente á relación dos seus contidos específicos coa maioría dos temas transversais, como se pode apreciar no segundo dos epígrafes que, a modo de suxestión, se inclúe a continuación:**

RELACIÓN DOS CONTIDOS DE HISTORIA DA ARTE COS TEMAS TRANSVERSAIS

Educación para os dereitos humanos e a paz

- **Estudo crítico de obras de arte** que conteñan temas violentos e de estilos ou tendencias artísticas relacionadas con correntes de pensamento que impliquen posturas fanáticas.
- **Alusións á evolución das relacións internacionais** na conca do Mediterráneo, destacando o carácter negativo das situacións de conflito na convivencia ou as de dominio_duns pobos sobre outros.
- **Valoración positiva dos momentos en que a produción artística se realizou nun ambiente de liberdade que permitiu o fomento da creatividade.**



- **Xulgar críticamente os contextos político-sociais** que destacaron pola súa falta de liberdade e polos atropelos aos dereitos humanos.
- Podemos traballala a través de **obras e autores inmersos en conflitos bélicos, representacións e denuncias da violencia**

Educación moral e cívica

- **Fomentar** o respecto e a tolerancia cara aos valores contidos nos estilos artísticos distantes no tempo, no espazo ou na mentalidade.
- **Incrementar** a sensibilidade crítica cara aos problemas sociais máis representativos de cada contexto histórico.
- **Promover** unha actitude participativa, crítica e tolerante nos debates e diálogos.
- **Impulsar actitudes solidarias** e de diálogo nos traballos en equipo.
- **Xerar correntes de sensibilidade e solidariedade** cara ás persoas que traballan na defensa do patrimonio.

Educación para a igualdade entre os sexos

- Destacar as épocas e situacións en que a muller como colectivo, ou algunha muller en singular, tivo un papel relevante na produción artística, como artista ou como promotora de obras.
- Fomentar na convivencia diaria a non discriminación sexista e combater os prexuízos que puidese haber respecto diso.
- Valorar negativamente a marxinación feminina en sociedades do pasado e do presente.
- Introducir a perspectiva de xénero en todas as manifestacións artísticas, tratando as mulleres como axentes activas das mesmas.

Educación ambiental

- Aludir ao impacto ambiental da arquitectura e o urbanismo, e á relación harmónica que algunhas culturas estableceron entre arquitectura e medio ambiente.
- Promover a valoración e o respecto polo patrimonio histórico e artístico como factor integrante do medio ambiente humanizado.
- Denunciar os atropelos cometidos contra o patrimonio artístico de calquera pobo.
- Concienciar na necesidade da contribución activa á conservación do patrimonio.
- Sensibilizar na apreciación e respecto ao medio natural, especialmente no transcurso de actividades extraescolares.

Educación multicultural

- Estudo crítico e respectuoso dos valores das civilizacións e épocas distintas da propia.
- Valoración das achegas doutras culturas ao patrimonio material e espiritual da humanidade.
- Mostrar e promover a solidariedade con quen se esforzan por protexer o patrimonio artístico doutras nacións e pobos.

Educación europea



- **Analizar o concepto de Europa** a través da difusión de estilos artísticos.
- **Subliñar** os vínculos que ao longo da Historia se desenvolveron entre as nacionalidades europeas.
- **Valorar** as similitudes e diferenzas das escolas rexionais, respectando a idea da Europa dos pobos.

12. Actividades complementarias e extraescolares

Con respecto ás actividades complementarias e extraescolares, e pese as limitacións deste tipo de ensinanza non presencial, procuraremos facer algunha que outra visita ao patrimonio artístico. Especialmente á cidade de Santiago, así como a algunha exposición puntual ou calquera outro evento relacionado coa materia. Debe terse en conta as dificultades de moito alumnado que opta por este tipo de ensinanza e que ve máis limitado os seus horarios á hora de participar neste tipo de actividades.

13. Indicadores e logro e mecanismos de revisión/avaliación da programación didáctica

Coa fin de axustar á realidade docente este documento, resulta interesante considerar a posibilidade dunha avaliación tanta da propia práctica docente como da adecuación ou validez desta proposta didáctica. Meta esta, principalmente dirixida a posibilitar e facilitar a intervención ante posibles eivas ou inadecuacións deste programa.

Para tal fin, consideramos axeitado incluír unha serie de medidas tendentes a esa **“avaliación da propia programación”**, que se realizarán preferentemente en consenso e coordinación cos demais membros do departamento e baixo a dirección da xefatura. Así pois, establécese que ao final de cada trimestre, se faga unha **reunión valorativa dos resultados acadados en función dos obxectivos didácticos propostos**. A profesora ou o profesor analizará tanto de xeito cuantitativo como cualitativo o porcentaxe de aprobados, o traballo das competencias clave así como as principais eivas e problemas que se presentasen. Desta análise, deberá saír un informe valorativo do período e de ser o caso, as posibles medidas de intervención/modificación da proposta educativa de cara aos próximos trimestres. Finalmente, ao remate do curso, realizarase un novo informe de carácter retroactivo, onde se terán en conta varios indicadores de logro:

- **Adecuación da proposta docente en función dos resultados acadados**
- **Grao de consecución dos obxectivos de etapa e materia.**
- **Cumprimento dos estándares mínimos**
- **Dificultades á hora de cumprir a temporalización programada**
- **Problemas e conflitos específicos xurdidos por cuestións programáticas da materia**
- **Estatística e evolución dos aprobados/suspensos por trimestres e final**
- **Posibles medidas de intervención e mellora en función dos resultados de curso e de cara a integrar na programación do próximo curso.**



AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Os e as docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, a través dos Estándares de Aprendizaxe incorporados na programación docente.

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados de aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Á súa vez, estes Estándares valóranse a partir dos indicadores do logro, que nos permiten avaliar en catro niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este feito permítelle ao/á docente, á súa vez, avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado alcance os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe. A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua.

A avaliación docente terán, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas de alumnado.

Os Estándares de aprendizaxe e, se é o caso, os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumna-o individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cosas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo de alumnas-os celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solventar as dificultades, en colaboración e mediante recursos de apoio educativo.

Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente ofrecemos a continuación unha **Rúbrica da Práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:**

- Temporalización das unidades e os contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos a abordar en cada unidade.



- Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e unha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
- Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e os criterios de Avaliación propostos.
- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo TIC e uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.
- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen o alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
- Interacción co alumnado. Relación fluída do docente co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Avaliación dos aprendizaxes. Avaliación dos Contidos e as Competencias adquiridos a través dos Estándares de Aprendizaxe.
- Resultados académicos da materia. Porcentaxe de alumnos que superaron a materia e que obtiveron niveis de excelencia

Rúbrica de Avaliación: Programación e Práctica Docente	Pouco Satisfactorio	Satisfactorio	Moi Satisfactorio	Aspectos positivos para destacar	Aspectos que se deben mellorar	Plans ou propostas de mellora
Temporalización das unidades e dos contidos						
Exposición da información						
Eficacia das actividades e recursos						
Diversidade de recursos						
Estratexias de motivación do alumnado						
Interacción co alumnado						

Avaliación das aprendizaxes						
Resultados académicos na materia						

Como medida adicional de recuperación de contidos do Curso anterior para aquel alumnado que teña que afrontar con garantías o 2º de Bacharelato, quedan en aberto todas as Aulas Virtuais do Centro incluída a de Historia do Mundo Contemporáneo. A todo aquel alumnado que o necesite será remitido ao enlace

<https://guiasbac.ies sanclemente.net/>

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA AFRONTAR O PROCESO DE PANDEMIA

A dinámica particular de traballo nun Centro de Educación a Distancia coma o noso fan que boa parte dos atrancos cos que se pode atopar un Centro Ordinario queden neutralizados. Xa durante o Curso pasado (2019-20) se estableceron dinámicas de traballo e contacto co alumnado que podemos considerar satisfactorias.

En previsión dun posible novo confinamento xeral, zonal ou de individuos particulares se estableceron os seguintes procedementos:

Sen detrimento da utilización das canles habituais do teléfono e do Correo para consultas ordinarias e envío de exercicios, priorizaremos o contacto co alumnado a través de videoconferencia. Empregaremos a Plataforma Jitsi, mellorada e integrada na propia Aula Virtual. En caso de ter que empregar este método para realizar contactos múltiples se poderá acceder a través de Meet.

Tal e como se establece no protocolo COVID do Centro, tamén poderán realizarse entrevistas presenciais, pero sempre baixo cita previa.

A planificación de dúas modalidades de exames: físicos e telemáticos. Sempre que sexa posible faranse de xeito presencial, pero prevemos a posibilidade de realizar exames tipo test telemáticos, a través da Plataforma do IES, en cada avaliación e nas convocatorias finais e de setembro. As primeiras seguirían o formato xa establecido e comentado nas Programacións Didácticas. As telemáticas constarán de 20 preguntas tipo test de resposta múltiple no caso dos exames de avaliación e de 40 nas convocatorias



finais. Procurarase mellorar o funcionamento dos mesmos artellando ao longo do Curso medidas de vixilancia e control dos mesmos.

Como medida adicional de recuperación de contidos do Curso anterior para aqueles alumnos que teñan que afrontar con garantías o 2º de Bacharelato, quedan en aberto todas as Aulas Virtuais do Centro incluída a de Historia do Mundo Contemporáneo. A todo aquel alumnado que o necesite será remitido ao enlace

<https://guiasbac.iessanclemente.net/>

Evidentemente o profesorado das diferentes materias do Departamento, quedan a disposición do alumnado do Centro, aínda que este non estea matriculado na materia de Historia da Arte.

Contemplamos, tal e como se fixo na terceira avaliación do curso 2019/20, a posibilidade de modificar a presente Programación Didáctica en función das necesidades e da evolución da pandemia.

Santiago de Compostela, curso 2020/2021

**Asdo.: Guillermina Domínguez Touriño
Historia da Arte 2º Bacharelato IES San Clemente**